

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE
CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA

I.E.S A SARDIÑEIRA
A CORUÑA

CURSO 2022-2023

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN p. 4
2. CONTRIBUCIÓN DA XEOGRAFÍA e a HISTORIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE p. 6
3. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSOS ESO LOMCE p. 14
 - a) OBXECTIVOS XERAIS ESO (Decreto 86/2015, de 25 de xuño) p. 17
 - 3.1.PROGRAMACIÓN “XEOGRAFÍA E HISTORIA”. PRIMEIRO CURSO ESO p. 17
 - 3.2. PROGRAMACIÓN “XEOGRAFÍA E HISTORIA”. SEGUNDO CURSO ESO p. 17
 - 3.2.1. Obxectivos p. 17
 - 3.2.2.Concrecións para cada estándar de aprendizaxe avaliable. Temporalización. Grao mínimo de consecución. Procedementos e instrumentos de avaliación p. 19
 - 3.3PROGRAMACIÓN “XEOGRAFÍA E HISTORIA”. TERCEIRO CURSO ESO p. 47
 - 3.4 PROGRAMACIÓN “XEOGRAFÍA E HISTORIA”. 2º CICLO. CUARTO CURSO ESO p. 47
 - 3.4.1 Obxectivos p. 47
 - 3.4.2 Concrecións para cada estándar de aprendizaxe avaliable. Temporalización. Grao mínimo de consecución. Procedementos e instrumentos de avaliación p. 49
4. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSOS BACHARELATO LOMCE p. 98
 - 4.1 OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO (Decreto 86/2015, do 25 de xuño) p. 99
 - 4.2.PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA “HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO”. 1º BACHARELATO p. 101
 - 4.3 PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA “HISTORIA DE ESPAÑA”. 2º BACHARELATO p. 101
 - 4.3.1 Obxectivos p. 101
 - 4.3.2. Concrecións para cada estándar de aprendizaxe avaliable. Temporalización. Guións. Grao mínimo de consecución. Procedementos e instrumentos de avaliación. Indicadores de logro. p. 103
 - 4.4 PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA “HISTORIA DA ARTE”. 2º BACHARELATO p. 180
 - 4.4.1 Obxectivos p. 180
 - 4.4.2 Concrecións para cada estándar de aprendizaxe avaliable. Temporalización. Guións. Grao mínimo de consecución. Procedementos e instrumentos de avaliación. Indicadores de logro p. 183
 - 4.5 PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA “PROXECTO COMPETENCIAL” 1ºESO p. 299
 - 4.6 PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA “PROXECTO COMPETENCIAL” 3ºESO p. 299
5. CONCRECIÓN METODOLÓXICAS DA MATERIA p. 300
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN UTILIZAR p. 303
7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO p. 305
8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

(Rúbricas) p. 314

9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES p. 322

10. PLAN DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE 1ºESO, 2ºESO, 3ºESO, 4ºESO E 1ºBACH p. 323

11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE PODEAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS p. 323

12. PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO p. 326

13. PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO PARA AQUEL ALUMNADO QUE PRESENTE DIFICULTADES Á HORA DE SEGUIR A MATERIA, OU QUE OBTENAN RESULTADOS NEGATIVOS, DURANTE TODO O CURSO OU PARTE DEL p. 327

14. PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO PARA AQUEL ALUMNADO QUE TEÑA DIFICULTADES VISUAIS OU DE MOBILIDADE p. 327

15. CALENDARIO EDUCATIVO VIXENTE p. 328

16. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (Rúbricas) p. 328

17. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA p. 334

18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO p. 337

19. MECANISMO DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA p. 338

20. PAUTAS QUE DE XEITO XERAL ADOPTA O DEPARTAMENTO ANTE UNHA POSIBLE ENSEÑANZA SEMIPRESENCIAL OU NON PRESENCIAL p. 339

21. PLAN LECTOR p. 339

22. PLAN TIC p. 340

ANEXOS p. 341

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia do I.E.S A Sardiñeira, neste curso, está integrado por tres profesoras para impartir os diferentes niveis educativos: 1º, 2º, 3º e 4º da E.S.O., e 1º e 2º de Bacharelato. Ademais atende ao alumnado con materias pendentes de 1º, 2º e 3º da E.S.O e 1º de Bacharelato.

As materias a impartir nos diferentes niveis son: Xeografía e Historia, Historia do Mundo Contemporáneo e Historia de España e Historia da Arte. Ademais, o Departamento vai facer cargo neste curso de 4 horas de Reforzo en 1ºESO, 1 hora de Proxecto Competencial en 1ºESO, 1 hora de Proxecto Competencial Bilingüe en 3ºESO.

A distribución das materias e cursos entre o profesorado é a seguinte:

PROFESORA	GRUPOS	HORA S
Collazo García, Silvia	Xª e Hª. 3º ESO (3 grupos) Xª e Hª. 4º ESO (3 grupos) Reforzo 1ºESO (1 grupo)	20

<p>Blanco de la Fuente, M^aJosé</p>	<p>X^a e H^a. 2º ESO (3 grupos)</p> <p>H^a do Mundo Contemporáneo (1 grupo)</p> <p>Reforzo 1ºESO (1 grupo)</p> <p>Xeografía e Historia 1º ESO (1 grupo)</p>	<p>18</p>
<p>Figueroa Paz, Adela Clorinda</p> <p>Xefa do Departament o</p>	<p>H^a de España (1 grupo)</p> <p>Proxecto Competencial Bilingüe 3ºESO (1 grupo)</p> <p>H^a da Arte (1 grupo)</p> <p>Proxecto Competencial 1ºESO (1 grupo)</p> <p>X^a e H^a. 1º ESO (2 grupos)</p>	<p>15+2+2+ 1</p>

A programación réxese pola *Ley Orgánica 8/2013, de 9 de decembro*, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) que veu modificar a anterior Ley orgánica 2/2006 (LOE), introducindo importantes cambios tanto organizativos, como nominativos (incluíndo, no noso caso, o propio nome da materia que deixa de ser “*Ciencias Sociais*” para pasar a ser “*Xeografía e Historia*”) e, sobre todo, conceptuais e curriculares. Os novos currículos (*Real Decreto 1105/2014, Decreto 107/2014, do 4 de setembro, Decreto 86/2015, de 25 de xuño*), xunto aos obxectivos, contidos, competencias, metodoloxía e criterios de avaliación inclúe un novo elemento: os estándares de aprendizaxe, de especial importancia porque será o referente para as probas externas, outro dos elementos novos que haberá que ter en conta.

Por último, non queremos deixar de destacar o feito de que algúns aspectos da LOMCE (reválidas, avaliacións externas) están paralizados á espera dos acordos aos que cheguen os membros da subcomisión do Parlamento encargados de revisar e negociar a reforma da lei.

2. CONTRIBUCIÓN DA XEOGRAFÍA e a HISTORIA A ODESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliable da materia que forman parte dos perfís competenciais.

A primeira vez que se empregou a expresión “*Avaliación por competencias*” foi en 1992, nos EE.UU, cando a “Secretaría de Traballo” (que non a Secretaría de Educación) dese país conformou unha comisión de expertos que elaborou un documento titulado “O que o traballo require das escolas”: os grandes industriais do mundo esixían que a Escola se adaptase ás esixencias do mercado laboral, e para iso só era necesario que os alumnos e alumnas aprendesen un número determinado de habilidades prácticas. Son as chamadas “*Competencias Clave*” que en España foron introducidas pola LOE no 2006 (“*Competencias Básicas*”), seguindo a Recomendación 2006/1962/EC, do 18 de decembro de 2006, do Parlamento Europeo e do Consello.

O famoso Informe PISA (“*Programa Internacional para a Avaliación de Estudantes*”), pertencente á OCDE, mide precisamente estas Competencias Clave. A proba, que se realiza cada 3 anos sobre unha mostra do alumnado de 15 anos, mide a habilidade lectora, a habilidade matemática e a habilidade en ciencias; é pois unha proba cun enfoque competencial que deixa de lado “o saber” para medir competencias, que é o que a empresa esixe da escola: habilidades que permitan á futura man de obra desenvolverse no posto de traballo con instrucións básicas, e autoformarse para as necesidades específicas do seu posto, dun xeito autónomo, permanente e utilizando as novas tecnoloxías no seu tempo libre.

De aí que no Informe PISA non se mida en ningún momento a capacidade de expresión do alumnado e de producir mensaxes (na proba de comprensión lectora non ten que escribir nin unha soa palabra), senón a súa capacidade para recibir instrucións e entendelas. Tampouco se miden saberes nin cultura. Isto supón que os que eran ata agora os valores propios da escola (o amor polo coñecemento e a concepción humanista do mundo) onde as Ciencias Sociais (agora Xeografía e Historia) tiñan un papel especialmente relevante, están a ser substituídos por outros que fan que as Ciencias Sociais adquiran cada vez máis un carácter marxinal.

Dito isto, pasemos a ver como as disciplinas da Xeografía e a Historia se están a adaptar a esta

nova realidade e como poden contribuir a desenvolver determinadas competencias (ao fin e ao cabo a “calidade” do noso ensino vaise medir polos resultados obtidos polos nosos alumnos nas probas do Informe Pisa). Algunhas destas competencias son moi específicas de ambas materias, coma é o caso das competencias sociais e cívicas, en relación con contidos propios tanto de Historia como de Xeografía outras están moi relacionadas co traballo do alumnado coma a competencia lingüística, aprender a aprender, a competencia matemática e en ciencia e tecnoloxía, as competencias dixital ou a do sentido da iniciativa e espírito emprendedor, e o seu carácter instrumental obríganos a telas presentes ao longo dos catro cursos da ESO así como dos dous cursos do Bacharelato.

O Decreto 86/2015 establece as 7 competencias clave do currículo (CCL; CMCCT; CD; CAA; CSC; CSIEE e CCEC) que veñen substituír ás anteriores 8 competencias básicas.

Dentro destas competencias clave, na nosa materia trabállanse, de forma permanente as seguintes:

CSC. Competencia social e cívica

CCL. Competencia en comunicación lingüística

CAA. Competencia de aprender a aprender

CCEC. Conciencia e expresións culturais.

E en menor medida, en función dos contidos a tratar, tamén as seguintes:

CD. Competencia dixital.

CMCCT. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

CSIEE. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

1.-A disciplina Xeografía e Historia colabora ao desenvolvemento da competencia social e cívica (CSC), dado que traballan moi especificamente coas categorías de espazo e tempo social. Exercen pois un papel importante na construción do tempo e do espazo persoal do alumnado así como na conformación das identidades sociais e territoriais. Sen embargo para que este papel se traduza no desenvolvemento dunha competencia social e democrática é preciso asumilo cun sentido crítico que leve a analizar as decisións do pasado e valoralas no seu contexto e polos seus efectos pois só así poderán asumir que as actuacións e decisións que tomamos hoxe tamén teñen consecuencias, o que esixe adoptar posturas responsables e comprometidas. Igualmente importante é valorar as fontes (tanto históricas como xornalísticas actuais): os seus autores, os intereses aos que responden, quen financia esa información...

Ademais, un aspecto esencial das materias de Xeografía e Historia é a interacción co mundo físico,

tanto no que ten de espazo natural como na medida en que o transforma a acción humana. A dimensión espacial que impregna a aprendizaxe dos contidos xeográficos, permite desenvolver os procedementos de orientación, localización, observación e interpretación de espazos, paisaxes e a súa representación cartográfica. Así, a disciplina de Xeografía e Historia axuda a comprender mellor o que sucede, a analizar a acción humana na utilización do espazo e os seus recursos, as consecuencias de determinadas decisións, e as accións que se poden tomar dun xeito responsable para a protección do medio ambiente.

Desenvolver esta competencia require e esixe o uso de metodoloxías participativas e interactivas, algo especialmente relevante dado que estamos a vivir en sociedades cada vez máis plurais e en realidades cada vez máis complexas.

Ao longo dos catro cursos da ESO e dos dous do Bacharelato, a Xeografía e a Historia contribuirán a desenvolver este ámbito competencial e incidirá nos criterios de avaliación dos diferentes cursos.

2.- A contribución da Xeografía e a Historia ao desenvolvemento da Conciencia e expresións culturais (CCEC) é evidente, dada a relación que o estudo das manifestacións artísticas e a evolución do pensamento e da cultura teñen na historia, e de maneira específica na historia da arte. A selección e o coñecemento de obras de arte relevantes (ben polo seu significado, ben polo seu interese como caracterización de estilo e artistas) axuda ao desenvolvemento do sentido estético, da capacidade de apreciar, comprender e valorar as diferentes manifestacións culturais e artísticas, tanto materiais como inmateriais. Colaboran ademáis no desenvolvemento dunha actitude activa en relación coa conservación e a protección do patrimonio histórico, cultural e artístico.

3.- Na medida en que a lingua é o principal instrumento para organizar o pensamento, para aprender e para explicar, a Xeografía e a Historia teñen un papel fundamental no desenvolvemento da competencia en Comunicación lingüística (CCL). Co discurso é posible describir, narrar, disertar e argumentar, e asemade, adquirir un vocabulario preciso e específico das ciencias sociais e a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente.

Esta competencia implica pois o dominio das habilidades de lectura e comprensión de diferentes tipos de textos, cada vez máis complexos, que resultan fundamentais como elemento de información social e histórica, así como a capacidade de expór clara e sistematicamente as ideas, argumentando con rigor e precisión.

4.- As disciplinas de Xeografía e a Historia forzosamente axudan a desenvolver a Competencia dixital (CD). Hoxe vivimos na chamada “*sociedade da información*”, pero esa información hai que

saber utilizala xa que por sí mesma non se traduce en coñecemento; polo mesmo a comprensión dos fenómenos sociais e históricos esixe traballar certas habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información. Por outra banda, as TIC son un instrumento moi útil para as nosas materias xa que permiten desenvolver formas de traballo cooperativo que abarquen espazos físicos e sociais cada vez máis amplos.

5.- A Xeografía e a Historia colaboran ao desenvolvemento da Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT) xa que ao longo dos diferentes cursos o alumnado ten que interpretar escalas numéricas e gráficas, analizar e comprender información cuantitativa recollida en táboas, diagramas, gráficos..., facer cálculos matemáticos sinxelos, traballar con porcentaxes e taxas ou elaborar e interpretar eixes cronolóxicos

6.- A Xeografía e a Historia contribúen tamén ao desenvolvemento da Competencia aprender a aprender (CAA), axudando a dar ferramentas ao alumnado que lle faciliten a aprendizaxe o capaciten para aprender dun xeito autónomo. Para asumir esta competencia é preciso coñecer o que se sabe e o que queda por aprender de aí a importancia de facerse preguntas e de asumir que é posible atopar respostas dende distintas perspectivas metodolóxicas e ideolóxicas.

7.- Por último, a disciplina de Xeografía e Historia colabora tamén no desenvolvemento da Competencia Sentido de iniciativa e espírito emprendedor(CSIEE), tanto na dimensión conceptual desa competencia, en relación con coñecementos de xeografía e historia económica, como na dimensión máis procedimental xa que en ambas materias se traballa a planificación, a argumentación e coherencia, a utilización de información, a toma de decisións, e a asunción da responsabilidade persoal ante o proceso de aprendizaxe.

A continuación incluimos dous cadros nos que se concreta a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis que forman parte dos perfís competenciais tanto da materia de Xeografía como da materia de Historia.

A XEOGRAFÍA

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVES
b e f g h	1. O medio físico	1. Localizar e interpretar espazos xeográficos e lugares en mapas temáticos	1.1.1. Localiza e interpreta espazos xeográficos e lugares en mapas. 1.1.2. Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes de satélite. 1.1.3. Coñece e interpreta diferentes tipos de mapas temáticos	CAA CMCC TCCL CD
e f h	2. As fontes de información	2. Localizar, seleccionar e analizar información escrita, gráfica e	2.1.1. Analiza e comenta textos, mapas, gráficos, estatísticas e imaxes. 2.1.2. Elabora resumos, esquemas, mapas conceptuais,	CAA CMCC TCCL CD

		<p>audiovisual utilizando diversas fontes</p>	<p>informes e sínteses.</p> <p>2.1.3. Mostra interese polo rigor e pola obxectividade na busca e na interpretación da información xeográfica.</p> <p>2.1.4. Relaciona fontes de información diversa como explicativas de procesos xeográficos complexos.</p> <p>2.1.5. Demostra a capacidade de relacionar novos conceptos con outros xa traballados e adquiridos anteriormente.</p> <p>2.1.6. Traballa con rigor e obxectividade na busca e interpretación da información xeográfica</p>	
eh	<p>3. Vocabulario específico da materia</p>	<p>3.1 Utilizar o vocabulario xeográfico con precisión</p>	<p>3.1.1. Define termos e conceptos específicos de cada unidade.</p> <p>3.1.2. Emprega correctamente o vocabulario específico dos contidos xeográficos traballados</p>	<p>CS C CD CA A CC L</p>

A HISTORIA

OBJECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE	COMPETENCIAS CLAVES
<p style="text-align: center;">b f h l n ñ</p>	<p style="text-align: center;">1. O temp ohistórico</p>	<p>1. 1. Recoñecer a dimensión diacrónica e sincrónica nos acontecementos e procesos históricos</p>	<p>1.1.1. Sitúa acontecementos e procesos no tempo (diacronía) eaqueles que se producen aomesmo tempo (sincronía) 1.1.2. Elabora eixescronolóxicos nos que situar acontecementos e procesos históricos. 1.1.3. Manexa cadros cronolóxicos que permiten a análise da sincronía dos cambios políticos esocioeconómicos. 1.1.4. Distingue entrecausas de longa e curta duración, así como das consecuencia a curto e longo prazo</p>	<p style="text-align: center;">CSC CMCC TCAA CCL CCEC</p>

e f h l	2. As fontes de información	2. Localizar, seleccionar e analizar información escrita, gráfica	2.1.1. Analiza e comenta textos, mapas, gráficos, estatísticas e imaxes. 2.1.2. Elabora resumos, esquemas, mapas conceptuais, informes e	CS C CD CA A CC L
		e		

<p>n ñ</p>		<p>audiovisual utilizando fonte primarias e secundarias.</p>	<p>sínteses.</p> <p>2.1.3. Mostra interese polo rigor e pola obxectividade na busca e na interpretación da información histórica.</p> <p>2.1.4. Relaciona fontes de información diversa como explicativas de procesos históricos complexos.</p> <p>2.1.5. Mostra capacidade crítica á hora de analizar distintas interpretacións históricas.</p> <p>2.1.6. Demostra a capacidade de relacionar novos conceptos con outros xa traballados e adquiridos anteriormente.</p> <p>2.1.7. Mostra interese por coñecer os antecedentes históricos máis directamente relacionados co mundo contemporáneo.</p> <p>2.1.8. Traballa con rigor e obxectividade na busca e interpretación da información histórica.</p> <p>2.1.9. Entende que é necesaria a formación histórica para adoptar unha posición social crítica propia.</p>	
----------------	--	--	---	--

e h	3. Vocabulario específico da materia	3.1. Utilizar o vocabulario histórico e artístico co nprecisión	3.1.1. Define termos e conceptos específicos de cada unidade. 3.1.2. Emprega correctamente o vocabulario específico dos contidos históricos traballados	CS C CD CA A CC L
--------	---	---	---	-------------------------------------

3. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSOS ESO LOMCE

Esta programación organízase sobre a base da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, do Real Decreto 1105/2014, de 26 decembro do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, do 20 de decembro, polo que se establecen o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, e do Decreto 86/2015 da Xunta de Galicia, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato para Galiza.

A nova redacción do artigo 6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE) define o currículo como “*a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas*”. Segundo a nova redacción, o currículo pasa a estar integrado por:

- Os obxectivos de cada ensinanza e de etapa educativa
- as competencias, ou capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, e para lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos,
- os contidos, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias.
- A metodoloxía didáctica, que abrangue tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos/das docentes
- Os estándares e resultados de aprendizaxe avaliados, e
- Os criterios de avaliación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos

decada ensinanza e etapa educativa.

A descrición das relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato será a establecida de conformidade coa Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria e do bacharelato.

a) OBXECTIVOS XERAIS ESO (Decreto 86/2015, de 25 de xuño)

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e alumnas as capacidades que lles permitan:

- a. Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.*
- b. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal*
- c. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres , así como calquera manifestación de violencia contra a muller.*
- d. Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ambitos da personalidade e nas súas relaciónscoas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos*
- e. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación*
- f. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento eda experiencia.*
- g. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar*

decisións e asumir responsabilidades.

- h. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo daliteratura.*
- i. Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.*
- l. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.*
- m. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.*
- n. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación*
- ñ. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galiza, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.*
- o. Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.*

3.1. PROGRAMACIÓN “XEOGRAFÍA E HISTORIA”. PRIMEIRO CURSO ESO

No Primeiro curso do Primeiro Ciclo da ESO abórdase o estudo dos medios naturais e das sociedades ata a Idade antiga. Segundo a lexislación actual, e coa adaptación da LOMLOE (Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro) á comunidade autónoma de Galicia (*RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico*

2022/23), e á espera de que se desenvolva o vindeiro currículo na Comunidade Autónoma de Galicia (Real decreto 217/2022, do 29 de marzo), durante este curso se desenvolverá na plataforma web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia coa ferramenta PROENS.

3.2. PROGRAMACIÓN “XEOGRAFÍA E HISTORIA”. SEGUNDO CURSO ESO

3.2.1. OBXECTIVOS

Segundo a vixente lexislación, a educación secundaria obrigatoria ten por finalidade conseguir que o alumnado que cursa este nivel educativo adquira os coñecementos básicos de carácter cultural, artístico, científico e tecnolóxico; que consolide hábitos de estudo e de traballo; que se prepare para continuar estudos posteriores e/ou para a súa inserción laboral, e para que se forme e exercite nos seus dereitos e nas súas obrigas como cidadás e cidadáns.

Neste sentido, a materia de Xeografía e Historia do 2º curso do 1º ciclo debe contribuír a potenciar os obxectivos da educación secundaria obrigatoria de modo que o alumnado desenvolva as capacidades que lle permitan alcanzar, ao finalizar o proceso educativo:

- a. Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.*
- b. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.*
- c. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.*
- e. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación*
- f. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así*

- como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.*
- g. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.*
 - h. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega textos e mensaxes complexas.*
 - l. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.*
 - m. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados co consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.*
 - n. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.*
 - ñ. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.*

Alguns destes obxectivos -a, b, c, e, f, g, h- deben estar presentes permanentemente, polo que figuran en todos os apartados da secuencia de contidos, mentres que os restantes variarán segundo a temática traballada.

3.2.2. CONCRECIÓNS PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE. TEMPORALIZACIÓN. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

A materia de Xeografía e Historia atópase dentro do Bloque de Materias Troncais do curso 2º ESO segundo a LOMCE e o Decreto 86/2015. O coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo, é esencial para poder entender o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que se lles deu achéganos datos sobre o pasado e permítenos anticipar algúns dos problemas do futuro.

As disciplinas de Xeografía e Historia son dous importantes eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que abranguen a realidade humana e social desde unha perspectiva global e integradora, e ofrecen unha maior capacidade para a estruturación dos feitos sociais. Malia isto, a sociedade actual, cada vez máis complexa, require a intervención doutras disciplinas como a economía, a socioloxía, a ecoloxía

ou a historia da arte, que achegan análises diferentes e complementarias, para a mellor comprensión da realidade social.

En ESO, a materia de Xeografía e Historia pretende afondar nos coñecementos adquiridos polo alumnado na educación primaria; favorecer a comprensión dos acontecementos, os procesos e os fenómenos sociais no contexto en que se producen, tendo sempre en consideración as escalas de estudo (o mundo, Europa, España e Galicia); analizar os procesos que dan lugar aos cambios históricos e seguir adquirindo as competencias necesarias para comprender a realidade do mundo en que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, a súa orientación no futuro, así como o espazo en que se desenvolve a vida en sociedade. A achega da materia de Xeografía e Historia ao desenvolvemento das competencias é moi salientable. Deste xeito, poderíamos dicir que a través da materia se desenvolven competencias que na práctica funcionan como propias (as competencias sociais e cívicas, en relación con contidos propios tanto de Historia como de Xeografía, e a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, en Xeografía); a competencia de conciencia e expresións culturais ten unha presenza destacada pola relación que o estudo das manifestacións artísticas e a evolución do pensamento e da cultura teñen na historia, e de maneira específica na historia da arte. A importancia que a materia ten para o desenvolvemento da competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor evidénciase na dimensión conceptual desa competencia posta en relación con coñecementos de xeografía e historia económicas, pero tamén na dimensión máis procedemental dela.

O desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística e dixital, e de aprender a aprender, impregnan todo o currículo de Xeografía e Historia, pois presentan unha dimensión instrumental que nos obriga a telas presentes ao longo dos catro cursos de ESO.

A Xeografía organízase, no primeiro ciclo, nos bloques titulados "O medio físico" e "O espazo humano". A Historia estuda as sociedades ao longo do tempo, seguindo un criterio cronolóxico ata o cuarto curso da ESO.

Na secuencia dos tres primeiros cursos de ESO tivéronse en especial consideración dous factores: a necesidade do estudo da Xeografía e da Historia nos catro cursos e, por outra, intentouse secuenciar do xeral ao particular, traballando nos primeiros cursos con contidos máis globalizados e incrementando o nivel de complexidade á medida que se avanza na etapa. Dese xeito, procúrase ir da identificación e da localización dos primeiros cursos en xeografía cara a realización de tarefas máis elaboradas no remate da etapa. A Historia recibe un tratamento semellante, pois os contidos cos que o alumnado traballará nos primeiros cursos presentan un enfoque máis xeral, que abrangue o devir humano ata o derradeiro curso da etapa para o estudo da historia contemporánea. En todo caso, a evolución histórica dos dereitos da muller ata a actualidade debe formar parte do desenvolvemento curricular a aplicar na aula.

Deberase ter en conta o traballo de todos os elementos transversais do currículo cando cumpra. Neste sentido, merecen unha mención especial a educación cívica, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, e o traballo con tecnoloxías da información e da comunicación. A materia de Xeografía e Historia é un vehículo adecuado para animar ao emprendemento. Ademais, o desenvolvemento sustentable e o medio, os riscos de explotación e o abuso e maltrato son ineludibles.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Xeografía e Historia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas. É moi importante ter presente o papel do/da docente como orientador/a, promotor/a e facilitador/a do desenvolvemento competencial do alumnado, e non esquecer a adecuada coordinación entre docentes.

ELEMENTOS CURRICULARES: Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave.

	Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso					
Obx- ectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mí- nimo Esixi- ble	Competen- cias clave	Procedementos e In- strumentos de avaliación
	Bloque 1. O medio físico					
	TEMPORALIZACIÓN: 1º TRIMESTRE 30 sesións (Localización 4 sesións, Medio Físico de España e Galicia 6 sesións, Relevo e Hidrografía da Península Ibérica 4 sesións, Relevo e Hidrografía de Galicia 4 sesións, Climas de España e Galicia 4 sesións, Zonas Bioclimáticas Península Ibérica e Galiza 4 sesións, Medio ambiente España 4 sesións)					
b e	B1.1. Localiza- ción. Latitude e	B1.1. Localizar es- pazos xeográficos e	XHB1.1.1. Local-	50%	CAA CMCCT	Proba Escrita (80%)

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso						
Obx- ectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mí- nimo Esixi- ble	Competen- cias clave	Procedementos e In- strumentos de avaliación
f g	lonxitude.	lugares nun mapa ou nunha imaxe de satélite, utilizando datos de coordenas denadas xeográfi- cas.	iza espazos xe- ográficos e lugares nun mapa de Es- paña e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xe- ográficas.		CD	Traballo do alum- nado(caderno) e ob- servación (20%)
b e f g h	B1.2. Carac- terísticas xerais do medio físico de España e de Galicia.	B1.2. Ter unha visión global do medio físico de Es- paña e de Galicia, as súas carac- terísticas xerais.	XHB1.2.1. Enu- mera e describe as peculiaridades do medio físico espa- ñol e galego.	50%	CAA CMCCT CD CCL	Proba Escrita (80%) Traballo do alum- nado(caderno) e ob- servación (20%)
b e f g h	B1.3. Medio físico de Es- paña: relevo e hidrografía.	B1.3. Situar no mapa de España as unidades e os ele- mentos principais do relevo peninsu- lar, así como os grandes conxuntos ou espazos bio- climáticos.	XHB1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español. XHB1.3.2. De- scribe as unidades de relevo con axu- da do mapa físico de España.	50%	CAA CMCCT CD	Proba Escrita (80%) Traballo do alum- nado(caderno) e ob- servación (20%)
b e f	B1.4. Medio físico de Gali- cia: relevo e hi- drografía.	B1.4. Situar no mapa de Galicia as unidades e os ele- mentos principais	XHB1.4.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego.	50%	CAA CMCCT CD	Proba Escrita (80%) Traballo do alum- nado(caderno) e ob- servación (20%)

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso						
Obx- ectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mí- nimo Esixi- ble	Competen- cias clave	Procedementos e In- strumentos de avaliación
g h		do relevo, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.	XHB1.4.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia.	50%	CAA CMCCT CD CCL	Proba Escrita (80%) Traballo do alumnado(caderno) e observación (20%)
b e f g h	B1.5. Clima: elementos e factores. Diversidade bioclimática da Península Ibérica e de Galicia.	B1.5. Coñecer e describir grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego.	XHB1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España.	50%	CAA CMCCT CD CCL	Proba Escrita (80%) Traballo do alumnado(caderno) e observación (20%)
			XHB1.5.2. Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes.	50%	CAA CMCCT CD	Proba Escrita (80%) Traballo do alumnado(caderno) e observación (20%)
			XHB1.5.3. Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia.	50%	CAA CMCCT CD	Proba Escrita (80%) Traballo do alumnado(caderno) e observación (20%)
b e f g m	B1.6. Diversidade de paisaxes. Zonas bioclimáticas da Península Ibérica e de Galicia.	B1.6. Coñecer os principais espazos naturais de España e de Galicia.	XHB1.6.1. Distíngue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia.	50%	CAA CMCCT CD	Proba Escrita (80%) Traballo do alumnado(caderno) e observación (20%)

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo Esixible	Competencias clave	Procedementos e Instrumentos de avaliación
b e f g h m ñ	B1.7. Medio natural e problemas ambientais en España.	B1.7. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente español e galego, e as súas consecuencias.	XHB1.7.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	50%	CAA CMCCT CD CCL	Proba Escrita (80%) Traballo do alumnado(caderno) e observación (20%)
Bloque 2. O espazo humano						
TEMPORALIZACIÓN: 2º TRIMESTRE 26 sesións (Elementos de Poboación 4 sesións, Poboación Europea 4 sesións, Poboación Española 4 sesións, Poboación Galega 4 sesións, Urbanismo 2 sesións, Urbanismo Europeo 2 sesións, Urbanismo Español e Galego 2 sesións, Paisaxe en España e Galicia 2 sesións, Situación Ambiental en España 2 sesións)						
b c e f g	B2.1. Poboación mundial: modelos demográficos e movementos migratorios.	B2.1. Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación e migracións.	XHB2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas. XHB2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e	50%	CAA CMCCT CSC CD CAA CMCCT CSC	Proba Escrita (80%) Traballo do alumnado(caderno) e observación (20%) Proba Escrita (80%) Traballo do alumnado

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo Esixible	Competencias clave	Procedementos e Instrumentos de avaliación
			nos de acollemento.		CD	nado(caderno) e observación (20%)
b c e f g h	B2.2. Poboación europea: distribución e evolución.	B2.2. Analizar a poboación europea no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións e políticas de poboación.	XHB2.2.1. Explicar as características da poboación europea. XHB2.2.2. Comparar entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica.	50%	CAA CCL CSC CD	Proba Escrita (80%) Traballo do alumnado(caderno) e observación (20%)
b c e f g h	B2.3. Poboación española: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios.	B2.3. Analizar as características da poboación española, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios.	XHB2.3.1. Explicar a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas. XHB2.3.2. Analizar en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España.	50%	CAA CMCCT CSC CD CCL	Proba Escrita (80%) Traballo do alumnado(caderno) e observación (20%)
					CAA CMCCT CSC CD CCL	Proba Escrita (80%) Traballo do alumnado(caderno) e observación (20%)

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo Esixible	Competencias clave	Procedementos e Instrumentos de avaliación
b c e f g h	B2.4. Poboación de Galicia: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios.	B2.4. Analiza as características da poboación de Galicia, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios	XHB2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais.	50%	CAA CMCCT CSC CD CCL	Proba Escrita (80%) Traballo do alumnado(caderno) e observación (20%)
b c e f g h	B2.5. Proceso de urbanización no planeta.	B2.5. Sinalar nun mapamundi as grandes áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cidades mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións.	XHB2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo.	50%	CAA CMCCT CSC CD CCL	Proba Escrita (80%) Traballo do alumnado(caderno) e observación (20%)
			XHB2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica.	50%	CAA CMCCT CSC CD CCL	Proba Escrita (80%) Traballo do alumnado(caderno) e observación (20%)
b c e f g	B2.6. A cidade e o proceso de urbanización europeo.	B2.6. Comprender o proceso de urbanización, os seus roles e os seus contrastes en Europa.	XHB2.6.1. Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa.	50%	CAA CMCCT CSC CD CCL	Proba Escrita (80%) Traballo do alumnado(caderno) e observación (20%)

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso						
Obx- ectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mí- nimo Esixi- ble	Competen- cias clave	Procedementos e In- strumentos de avaliación
h			XHB2.6.2. Distin- gue os tipos de cidades do noso continente.	50%	CAA CMCCT CSC CD CCL	Proba Escrita (80%) Traballo do alum- nado(caderno) e ob- servación (20%)
b c e f g h ñ	B2.7. A cidade e o proceso de urbanización en España e en Galicia.	B2.7. Recoñecer as características das cidades españolas e engalegas, e as for- mas de ocupación do espazo urbano.	XHB2.7.1. Inter- preta textos que ex- pliquen as carac- terísticas das cidades de España e de Galicia, ax- udándose de inter- net ou de medios de comunicación es- crita.	50%	CAA CMCCT CSC CD CCL	Proba Escrita (80%) Traballo do alum- nado(caderno) e ob- servación (20%)
b c e f g h m ñ	B2.8. Diver- sidade de me- dios naturais en España e en Galicia.	B2.8. Coñecer os principais espazos naturais protexidos en nivel peninsular e insular.	XHB2.8.1. Sitúa os parques naturais españóis nun mapa, e explica a situ- ación actual dal- gúns deles.	50%	CAA CMCCT CSC CD CCL	Proba Escrita (80%) Traballo do alum- nado(caderno) e ob- servación (20%)
			XHB2.8.2. Elabora gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que	50%	CAA CMCCT CCL CD	Proba Escrita (80%) Traballo do alum- nado(caderno) e ob- servación (20%)

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso						
Obx- ectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mí- nimo Esixi- ble	Competen- cias clave	Procedementos e In- strumentos de avaliación
			reflectan infor- mación económica e demográfica de países ou áreas xe- ográficas a partir dos datos elixidos.			
b c e f g h m ñ	B2.9. Paisaxes no territorio es- pañol e galego.	B2.9. Identificar as principais paisaxes humanizadas espa- ñolas e galegas, e identificalas por comunidades autónomas.	XHB2.9.1. Clas- ifica as principais paisaxes humani- zadas españolas a través de imaxes.	50%	CAA CMCCT CSC CD CCL	Proba Escrita (80%) Traballo do alum- nado(caderno) e ob- servación (20%)
b c e f g h m ñ	B2.10. Princi- pais retos e problemas am- bientais en Es- paña.	B2.10. Coñecer e analizar os prob- lemas e os retos ambientais que af- ronta España, a súa orixe e as posibles vías para afrontar estes problemas.	XHB2.10.1. Com- para paisaxes hu- manizadas espa- ñolas segundo a súa actividade económica.	50%	CAA CMCCT CSC CD CCL	Proba Escrita (80%) Traballo do alum- nado(caderno) e ob- servación (20%)
Bloque 3. A historia						
TEMPORALIZACIÓN: 3º TRIMESTRE 20 sesións (Elementos Históricos 3 sesións, Idade Media en Oc-						

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo Esixible	Competencias clave	Procedementos e Instrumentos de avaliación
	cidente 4 sesións, Islam 4 sesións, Conquista e Expansión 3 sesións, Arte Románico 2 sesións, Arte Gótico 2 sesións, Arte Islámico 2 sesións)					
Identificación	B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia.	B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou influéneles.	XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.	50%	CSC CCEC	Proba Escrita (80%) Traballo do alumnado(caderno) e observación (20%)
Identificación	B3.2. Fontes históricas.	B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.	XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	50%	CSC CAA	Proba Escrita (80%) Traballo do alumnado(caderno) e observación (20%)
			XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.	50%	CSC CAA	Proba Escrita (80%) Traballo do alumnado(caderno) e observación (20%)
Identificación	B3.3. Cambio e continuidade.	B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico.	XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos	50%	CSC CMCCT	Proba Escrita (80%) Traballo do alumnado(caderno) e observación (20%)

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo Esixible	Competencias clave	Procedementos e Instrumentos de avaliación
		rico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.			
			XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	50%	CSC CMCCT	Proba Escrita (80%) Traballo do alumnado(caderno) e observación (20%)
Obx- ectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mí- nimo Esixi- ble	Competen- cias clave	Procedemen- tos e Instru- mentos de Avaliación
e n	B7.1. Vo- cabulario ar- tístico.	B7.1. Utilizar a termi- noloxía específica da arte nas exposicións orais e escritas, denominando con precisión os ele- mentos e as técnicas prin- cipais.	HAB7.1.1. Uti- liza con correc- ción a termi- noloxía es- pecífica das ar- tes en ex- posicións orais e escritas.	80%	CCEC CCL	Proba escrita (100%) Traballo do alumnado e observación (elaboración de temas pro- pios, creación pro- pia de con- texto histó- rico-artístico e vocabu- lario)

VOCABULARIO ESPECÍFICO DA MATERIA (AVALIABLE: BLOQUE 7)

VOCABULARIO DE CONCEPTOS E TERMOS ARTÍSTICOS (TAMÉN SOLICITADOS NA CIUG)

- A.- 1. Ábsida 2. Altorrelevo 3. Aparello almofadado 4. Arcobotante 5. Arco apuntado 6. Arco de ferradura 7. Arco de medio punto 8. Arco de faixa 9. Arco formeiro 10. Arco peraltado 11. Arco rebaixado 12. Arquitrabe 13. Arquivolta**
- B.- 14. Baixorrelevo 15. Base 16. Bóveda de aresta 17. Bóveda de canón 18. Bóveda de cruzaría**
- C.- 19. Canon 20. Capitel composto 21. Capitel corintio 22. Capitel dórico 23. Capitel xónico 24. Ciborio 25. Claroscuro 26. Clave dun arco 27. Color complementaria 28. Columna salomónica 29. Contraforte 30. Contraposto 31. Cornixa 32. Cadro de Historia**

33. Cadro de xénero 34. Cúpula 35. Curva praxiteliana
D.- 36. Deambulatorio 37. Doela
E.- 38. Entaboamento 39. Éntase 40. Escultura de vulto redondo 41. Escultura exenta 42. Esfumado/sfumato 43. Estatua ecuestre 44. Estatua-columna 45. Estilo
F.- 46. Friso 47. Fuste
I.- 48. Iconografía. 49. Imposta
L.- 50. Liña serpentinata.
M.- 51. Ménsula 52. Métopa
N.- 53. Nártice 54. Natureza morta/bodegón
P.- 55. Parteluz 56. Perspectiva xerárquica 57. Perspectiva aérea 58. Perspectiva lineal 59. Piar 60. Pilastra 61. Plan central 62. Planta basilical 63. Planta cruz grega 64. Planta cruz latina 65. Presbiterio
R.- 66. Retrato 67. Rosetón
T.- 68. Técnica de panos mollados 69. Tímpano 70. Tribuna 71. Triforio 72. Triglifo 73. Trompa

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS

1. Interese por desenvolver o gusto estético persoal e respecto pola diversidade de percepcións e de sensacións persoais ante a obra de arte.
2. Sensibilidade e preocupación por coñecer, valorar e conservar o entorno artístico local
3. Respecto e valoración crítica de concepcións estéticas e formas artísticas afastadas do gusto persoal.
4. Valoración do protagonismo do comitente no proxecto e na creación das obras e nos programas artísticos.
5. Sensibilización ante a obra de arte como manifestación da creatividade humana e como conciencia crítica da Historia.
6. Interese por coñecer e valorar as distintas realización das civilizacións históricas.
7. Interese por coñecer o Patrimonio da arte contemporánea galega.
8. Sensibilización pola conservación e respecto do Patrimonio artístico e cultural galego.
9. Actitude aberta ante as linguaxes artísticas de vangarda como resposta ante problemas estéticos.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA - MATERIAIS -PROCEDEMENTOS ESPECÍFICOS

Metodoloxía activa e participativa.

1. Utilizaranse sempre nas clases as obras de arte obxecto de estudo e outras que axuden a comprensión do estilo artístico dunha época, autor, etc. para que o alumno poda familiarizarse e visualizar e chegar a comprensión fácil dos distintos estilos artísticos, características dun artista, etc.
2. Como os libros non recollen tódalas obras que se piden na Selectividade, o profesor facilitará material gráfico, en cada tema do curriculum.
3. Facilitaranse tamén modelos xenéricos para comentar as distintas obras de arte.
4. Practicas sobre a forma de análise dunha obra de arte con a terminoloxía adecuada.
5. Uso de determinadas páxinas de internet.
6. Esquemas, mapas conceptuais, etc.
7. Elaboración de traballos polos alumnos.
8. Calificación rápida de obras de arte, por parte dos alumnos, sinalando as características principais da obra e a súa contextualización artística.
9. Saldas a coñecer in situ do noso patrimonio artístico autonómico e estatal, se é posible.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Relacionar e ter en contas os cambios iconográficos dun determinado tema longo dos distintos estilos artísticos.
2. Ser capaz de analizar e comparar os cambios producidos na concepción da Arte e as súas funcións en distintos momentos históricos e en diversas culturas.
3. Ser capaz de relacionar as manifestacións artísticas co seu contexto histórico-cultural, valorando a diversidade de correntes e modelos estéticos que poden desenrolarse nunha mesma época e os trazos estilísticos que permiten a súa clasificación.

4. Ser capaz de analizar as obras significativas dos principais estilos e artistas da Arte, a partir de diversas metodoloxías, situándoas no seu contexto histórico-artístico e recoñecer as posibles influencias e a súa pervivencia na arte posterior.
5. Manexar con precisión e rigor a terminoloxía específica de cada unha das artes visuais.
6. Interpretar os principais códigos iconográficos da cultura visual de Occidente.
7. Observar e analizar obras da Arte do noso Patrimonio cultural no seu contexto orixinal, en museos ou exposicións, especialmente do propio entorno.
8. Identificar e localizar os trazos característicos que configuran os estilos artísticos máis representativos do mundo occidental, así como saber diferencialos e sinalar os cambios.
9. Recoñecer as obras máis representativas dos grandes mestres da Historia da Arte, distinguindo os trazos diferenciais do seu estilo e o que de innovación representa a súa obra para a Historia da Arte.
10. Realizar actividades de documentación e indagación a través de fontes de información diversas (textos, imaxes, plantas, alzados, planos, etc), sobre determinados aspectos da creación artística.

Utilizar un método de comentario que integre a valoración obxectiva da obra da arte e a creatividade persoal do alumno e expresalo con claridade e corrección formal.

CONTIDOS MÍNIMOS

1. Expresarse nunha linguaxe artística axeitada.
2. Capacidade de análise dunha obra de arte desde os aspectos formais, estilísticos, iconográficos, contextualización histórica-artística, valoración das posibles influencias e repercusións posteriores.
3. Destinguir as etapas evolutivas de cada un das principais artes. estilos ou movementos artísticos.
4. Comparar, analizar e distinguir as innovación dun mesmo tema iconográfico o longo do tempo.

5. Recoñecer a linguaxe artística de cada arte o movemento artístico o longo da Historia e as principais obras, autores e a súa contextualización e análise,segundo o elenco vixente , facilitado polo Grupo de Traballo.

6. Definir os términos artísticos do vocabulario.

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

-

UNIDADES DIDÁCTICAS / PROXECTOS / TEMAS			Material de ref. (libro de texto, outros...).	Temporalización
UD /				

Tema / Prox	Bloque	Contido		Mes
		A Arte		
	B6.5.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Novos sistemas visuais: fotografía, cine e televisión, cartelismo e cómic. Combinación de linguaxes expresivas. 	PowerPoint e Apuntamentos	Setembro
	B6.7.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Arte e cultura visual de masas. 		
	B6.8.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ O patrimonio artístico como riqueza cultural. A preocupación pola súa conservación. A UNESCO. 		
	B7.1.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Vocabulario artístico. 		
		Arte clásica. Grecia		
	B1.1.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Grecia, creadora da linguaxe clásica: principais manifestacións. 	PowerPoint e Apuntamentos	SETEMBRO
	B1.2.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ A función social da arte en Grecia. 		
	B1.3.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comentario de obras de arte: Grecia. 		
	B1.7.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Traballo de investigación sobre historia da arte. 		
	B1.8.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Conservación do patrimonio: arte grecorromana 		
		Arte clásica. Roma		
	B1.4.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Visión do clasicismo en Roma. A arte na Hispania romana e na Gallaecia. 		

UD / Tema / Prox	Bloque	Contido		Mes
		Arte prerrománica		
	B2.4.	Arte prerrománica.	PowerPoint e Apuntamentos	NOVEMBRO
	B2.14.	Conservación do patrimonio: arte medieval.		
		Arte románica		
	B2.5.	Configuración e desenvolvemento da arte románica. Igrexas e mosteiros. Iconografía románica	PowerPoint e Apuntamentos	NOVEMBRO DECEMBRO
	B2.6.	Función social da arte románica.		
	B2.7.	Comentario de obras de arte románica.		
	B2.11.	O peculiar desenvolvemento artístico da Península Ibérica. Arte hispanomusulmá. O Románico no Camiño de Santiago. O Gótico e a súa longa duración.		
	B2.12.	Comentario de obras de arte medieval española.		
	B2.13.	Traballo de investigación sobre historia da arte.		
	B2.14.	Conservación do patrimonio: arte medieval.		
		Arte gótica		
		Achega do Gótico: expresión dunha	PowerPoint	

	B2.8.	cultura urbana. A catedral e a arquitectura civil. Modalidades escultóricas. Pintura italiana e flamenga, orixe da pintura moderna.	e Apuntamentos	DECEMBRO
	B2.9.	▪ Función social da arte gótica.		
	B2.10.	▪ Comentario de obras de arte gótica.		
	B2.11.	▪ O peculiar desenvolvemento artístico da Península Ibérica. Arte hispanomusulmá. O Románico no Camiño de Santiago. O Gótico e a súa longa duración.		
	B2.13.	▪ Traballo de investigación sobre historia da arte.		
	B2.14.	▪ Conservación do patrimonio: arte medieval.		
	B3.1.	▪ Renacemento. Patróns e artistas. Orixe e desenvolvemento da nova linguaxe en arquitectura, escultura e pintura.		

2 a a v a l i		Achegas de grandes artistas do Renacemento italiano.		
		Arte renacentista		
	B3.1.	▪ Renacemento. Patróns e artistas. Orixe e desenvolvemento da nova linguaxe en arquitectura, escultura e pintura. Achegas de grandes artistas do Renacemento italiano.		
	B3.2.	▪ Función social da arte no Renacemento		
	B3.3.	▪ Comentario de obras de arte: arte do Renacemento.		

a c i ó n	B3.4.	▪ A recepción da estética renacentista na Península Ibérica.	PowerPoint e Apuntament os	XANEIRO
	B3.5.	▪ Comentario de obras de arte: arte española do Renacemento.		
	B3.6.	▪ Unidade e diversidade do Barroco. Linguaxe artística ao servizo do poder civil e eclesiástico. Urbanismo barroco. Igrexas e pazos. Principais tendencias.		
	B3.13.	▪ Traballo de investigación en historia da arte.		
	B3.14.	▪ Conservación do patrimonio: arte moderna.		
		Arte barroca e rococó		
	B3.6.	▪ Unidade e diversidade do Barroco. Linguaxe artística ao servizo do poder civil e eclesiástico. Urbanismo barroco. Igrexas e pazos. Principais tendencias.		

	B3.8.	▪ Comentario de obras de arte: arte do Barroco.	PowerPoint e Apuntament	FEBREIRO
	B3.9.	▪ Barroco hispánico. Urbanismo e arquitectura. Imaxinaría barroca. Achegada da pintura española: grandes figuras do Século de Ouro.		
	B3.10.	▪ Comentario de obras de arte: arte española do Barroco.		

		e	os
B3.11.	▪	Século XVIII. Mantemento do Barroco. Refinamento rococó. Neoclasicismo e Romanticismo.	
B3.12.	▪	Comentario de obras de arte: arte do século XVIII	
B3.13.	▪	Traballo de investigación en historia da arte.	
B3.14.	▪	Conservación do patrimonio: arte moderna.	e

UNIDADES DIDÁCTICAS / PROXECTOS / TEMAS			Material de ref. (libro de texto, outros...).	Temporalización
UD / Tema / Prox	Bloque	Contido		Mes
		Neoclasicismo e Romanticismo		
	B3.7.	▪ Función social da arte no Barroco.		
	B3.11.	▪ Século XVIII. Mantemento do Barroco. Refinamento rococó. Neoclasicismo e Romanticismo.		
	B3.12.	▪ Comentario de obras de arte: arte do século XVIII		

	B3.14.	Conservación do patrimonio: arte moderna.	PowerPoint e Apuntamentos	MARZO
	B4.1.	A figura de Goya.		
	B4.2.	Comentario de obras de arte: Goya.		
	B4.4.	Comentario de obras de arte:arquitectura do século XIX.		
	B4.5.	Evolución da pintura: Romanticismo, Realismo, Impresionismo e Simbolismo. Os postimpresionistas, xerme das vangardas pictóricas do século XX.		
	B4.7.	Comentario de obras de arte: o século XIX.		
	B4.8.	Escultura: mantemento do clasicismo. Rodin.		

		Do realismo ao modernismo		
	B4.3.	A Revolución Industrial e o impacto dos novos materiais na arquitectura. Do Historicismo ao Modernismo. A Escola de Chicago. Nacemento do urbanismo moderno.	PowerPoint e Apuntamentos	MARZO
	B4.4.	Comentario de obras de arte: arquitectura do século XIX.		
	B4.5.	Evolución da pintura: Romanticismo, Realismo, Impresionismo e Simbolismo. Os postimpresionistas, xerme das vangardas pictóricas do século XX.		

	B4.6.	Función social da arte no século XIX.		
	B4.7.	Comentario de obras de arte: o século XIX.		
	B4.8.	Escultura: mantemento do clasicismo. Rodin.		
	B4.9.	Comentario de obras de arte: século XIX		

3 a a v a l i a c i ó n	B4.10.	Traballo de investigación en historia da arte.		
	B4.11.	Conservación do patrimonio: arte do século XIX.		
		Primeiras vangardas		
	B5.1.	O fenómeno das vangardas nas artes plásticas: Fauvismo, Cubismo, Futurismo, Expresionismo, pintura abstracta, Dadaísmo e Surrealismo.	PowerPoint e Apuntamentos	ABRIL- MAIO
	B5.2.	Comentario de obras de arte: a plástica na primeira metade do século XX.		
	B5.3.	Renovación da linguaxe arquitectónica: o funcionalismo do Movemento Moderno e a arquitectura orgánica.		
	B5.4.	Comentario de obras de arte: arquitectura da primeira metade do século XX.		
B5.5.	Traballo de investigación en Historia da Arte.			
B5.6.	Conservación do patrimonio: arte do			

		século XX.		
		Segundas vangardas e últimas tendencias		
	B5.6.	Conservación do patrimonio: arte do século XX.		
	B6.1.	Predominio do Movemento Moderno ou Estilo Internacional en arquitectura. A arquitectura á marxe do estilo internacional: High Tech, arquitectura Posmoderna e Deconstrución.		

	B6.2.	Comentario de obras de arte: arquitectura desde segunda metade do século XX.	PowerPoint e Apuntamentos	2ª quincena Maio
	B6.3.	Artes plásticas: das segundas vangardas á posmodernidade.		
	B6.4.	Comentario de obras de arte: a arte desde a segunda metade do século XX.		
	B6.5.	Novos sistemas visuais: fotografía, cine e televisión, cartelismo e cómic. Combinación de linguaxes expresivas.		
	B6.6.	Impacto das novas tecnoloxías na difusión e na creación artística.		

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA MATERIA DE HISTORIA DA ARTE DE 2ºBACH

Relacionar e ter en contas os cambios iconográficos dun determinado tema ao longo dos distintos estilos artísticos.

- Ser capaz de analizar e comparar os cambios producidos na concepción da Arte e as súas funcións en distintos momentos históricos e en diversas culturas.
- Ser capaz de relacionar as manifestacións artísticas co seu contexto histórico- cultural, valorando a diversidade de correntes e modelos estéticos que poden desenrolarse nunha mesma época e os trazos estilísticos que permiten a súa clasificación.
- Ser capaz de analizar as obras significativas dos principais estilos e artistas da Arte, a partir de diversas metodoloxías, situándoas no seu contexto histórico-artístico e recoñecer as posibles influencias e a súa pervivencia na arte posterior.
- Manexar con precisión e rigor a terminoloxía específica de cada unha das artes visuais. Interpretar os principais códigos iconográficos da cultura visual de Occidente.
- Observar e analizar obras da Arte do noso Patrimonio cultural no seu contexto orixinal, en museos ou exposicións, especialmente do propio entorno.
- Identificar e localizar os trazos característicos que configuran os estilos artísticos máis representativos do mundo occidental, así como saber diferenciarlos e sinalar os cambios.
- Recoñecer as obras máis representativas dos grandes mestres da Historia da Arte, distinguindo os trazos diferenciais do seu estilo e o que de innovación representa a súa obra para a Historia da Arte.
- Realizar actividades de documentación e indagación a través de fontes de información diversas (textos, imaxes, plantas, alzados, planos, etc), sobre determinados aspectos da creación artística.
- Utilizar un método de comentario que integre a valoración obxectiva da obra da arte e a creatividade persoal do alumno e expresalo con claridade e corrección formal.

AVALIACIÓN DUN EXAME EN HISTORIA DA ARTE 2 BACH

	EXCELENTE	MOI AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	ESCASO
Precisión respostas	Todas as respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	Case todas as respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	A maioría das respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	Poucas respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	A maioría das respostas non desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.
	CONTEXTOS HISTÓRICOS E ARTÍSTICOS CON DATAS, NOMES, EXEMPLOS, ELEMENTOS FEMININOS, GALEGOS E CASTELÁ	CONTEXTO HISTÓRICO E ARTÍSTICO CON DATAS E NOMES. EXEMPLOS.	CONTEXTO HISTÓRICO E ARTÍSTICO CON DATAS E NOMES.	CONTEXTOS HISTÓRICOS E ARTÍSTICOS CON FALTAS.	claridade, precisión e Concisión CONTEXTOS INCOMPLETOS

	NS.				
Presentación	Todas as respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	Case todas as respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	A maioría das respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	Poucas respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	A maioría das respostas non están presentadas con limpeza e pulcritude.
Nº de preguntas respondidas	Todas as preguntas están respondidas.	Respondeu polo menos o 90% das preguntas.	Respondeu polo menos o 70% das preguntas.	Respondeu polo menos o 50% das preguntas.	Respondeu polo menos o 50% das preguntas.
Gramática	Non hai	Case non hai	Hai dous	Hai tres	Hai máis de

a e	err	erros	erros	erros	
Ortografía (NON DESCONTA)	os gramaticais, ortográficos ou de puntuación e o	gramaticais, ortográficos ou de puntuación e o texto lese con fluidez.	gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto ten algunha	gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o	tres erros gramaticais, ortográficos

4. 5. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA “PROXECTO COMPETENCIAL” 1ºESO

No Primeiro curso do Primeiro Ciclo da ESO abórdase o estudo dos medios naturais ata a Idade Antiga. Segundo a lexislación actual, e coa adaptación da LOMLOE (Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro) á comunidade autónoma de Galicia (*RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23*), e á espera de que se desenvolva o vindeiro currículo na Comunidade Autónoma de Galicia (Real decreto 217/2022, do 29 de marzo), durante este curso se desenvolverá na plataforma web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia coa ferramenta PROENS.

4. 6 PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA “PROXECTO COMPETENCIAL BILINGÜE” 3ºESO

No Terceiro curso do Segundo Ciclo da ESO abórdase o estudo dos medios naturais e das sociedades ata a Idade Moderna. Segundo a lexislación actual, e coa adaptación da LOMLOE (Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro) á comunidade autónoma de Galicia (*RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23*), e á espera de que se desenvolva o vindeiro currículo na Comunidade Autónoma de Galicia (Real decreto 217/2022, do 29 de marzo), durante este curso se desenvolverá na plataforma web da Consellería de Educación e

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA

A metodoloxía didáctica empregada para desenvolver esta materia será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e cooperativo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación, a capacidade do alumnado de aprender por sí mesmo e a transferencia e a aplicación do aprendido, tal e como se establece no Decreto 86/2015 no seu Artigo 11

Prestaremos unha especial atención á adquisición e ao desenvolvemento das competencias, fomentando a correcta expresión oral e escrita así como o uso das matemáticas. As tecnoloxías da información e da comunicación por outra banda serán utilizadas como unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe, tanto polo seu carácter imprescindible na educación como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral. Neste sentido, e tal e como establece o Artigo 11 do Decreto 86/2015, adicaremos un tempo á lectura na nosa práctica docente.

Ademais, pretendemos exercitar ao alumnado nos procedementos habituais do xeógrafo e do historiador: natureza, tipoloxía e importancia das distintas clases de fontes, análise e utilización crítica das mesmas, contraste de interpretación historiográfica e utilización de información procedente dos medios de comunicación de masas para achegarse ao coñecemento da realidade xeográfica e xeopolítica actual.

A natureza específica da Xeografía e a Historia –multiplicidade de factores que interveñen nunha realidade humana, cambio permanente mais non uniforme nin no tempo nin no espazo, irrepitibilidade dos feitos- condúcenos a que nesta disciplina, en canto materia de ensinanza-aprendizaxe, debamos ter en conta as seguintes consideracións didácticas:

- A forma de acceder ao coñecemento histórico non é uniforme dentro da propia disciplina. Inflúen a parcela espacial e cronolóxica que se considere. Non nos acercamos cos mesmos medios ao coñecemento histórico máis afastado no tempo e no espazo que a unha época próxima. Polo tanto, os medios que utilizemos van variar ao longo de todo o desenvolvemento da materia.
- Traballaremos aspectos da realidade xeográfica mediante a observación directa ou indirecta insistindo na interpretación de gráficos e elaboración destes a partir de datos. Igualmente,

consideramos fundamental a elaboración de traballos de campo sobre a realidade xeográfica máis próxima e/ou patrimonio artístico da contorna.

- A motivación é un aspecto importante para acadar unha ensinanza eficaz. Para promover que sexa positiva, buscaremos que os temas de estudo conecten directamente cos intereses do alumnado. Neste sentido, o emprego de medios audiovisuais, o achegamento a problemas da súa contorna, as saídas programadas, etc, constitúen estratexias motivadoras e atractivas.
- Partindo destas consideracións, pensamos que as distintas Unidades Didácticas deben enfocarse non como un conxunto de feitos illados, senón coma un conxunto de procesos e de problemas nos que se analicen as súas causas e as súas consecuencias e as relacións existentes entre elas.
- Tanto na ensinanza da Historia como na de Xeografía, e en función dos contidos a tratar, empregaremos distintas estratexias metodolóxicas. A exposición do profesor/a será necesaria, sobre todo, ao tratar contidos conceptuais de maior complexidade porque lle permitirá ao alumnado un mellor acceso a eles. Para outros contidos, as estratexias de descubrimento ou de indagación, mediante materiais que se lle proporcionen, poden resultar máis axeitadas xa que o alumnado, ao indagar en diversas fontes, pode ser quen de construír o seu propio coñecemento en lugar de recibir a información xa elaborada.

En consecuencia, o plan de traballo dunha clase variará segundo os temas a tratar:

- Para a ensinanza de parcelas máis antigas que é difícil que o alumnado se sitúe, ou para aspectos da Historia e/ou da Xeografía que, polo seu afastamento espazo- temporal, non teñen unha repercusión recoñecible na contorna, o plan sería:
 - Presentación dos problemas por parte do profesor/a
 - Consideración conxunta profesorado-alumnado das distintas alternativas posibles de interpretación.
 - Acordo sobre a natureza e sobre as causas do proceso histórico e/ou xeográfico en cuestión.
 - Ilustración e comprobación das conclusións con exemplos concretos, sempre que sexan procesos xerais.
- Para abordar os aspectos relacionados co mundo actual e para o estudo de aspectos da historia máis próxima, a vía será partir do concreto para chegar ao abstracto e,

apoiándonos en datos da contorna próxima, inducir a curiosidade de por que é así e ir relacionando a historia local cos seus condicionantes externos para tentar acadar unha comprensión de estruturas e de procesos máis amplos, pois non se pode entender o medio no que se desenvolve o alumnado desconectado das súas referencias máis xerais.

En canto á organización das Unidades Didácticas:

- A primeira das actividades de cada unha das Unidades Didácticas actuará de ámbito motivador para o tema das mesmas. O obxectivo é que o alumnado manifeste as súas opinións, sendo consciente do que coñece e do que descoñece. Así estaremos en condicións de axustar a proposta de actividades, incorporando as conclusións desta primeira sesión. A presentación pode ser distinta en cada caso: enquisa, visualización dun fragmento dun vídeo, observación de gráficos, comparación de debuxos, pinturas, fotografías, etc.
- As actividades de desenvolvemento, das que obteremos información para a avaliación en tres niveis:
 - Traballo individual. Tanto no referente aos conceptos específicos da Unidade, como en relación á capacidade de descrición, relación e análise dos conceptos históricos e xeográficos, do nivel de expresión e comprensión dos mesmos tanto de forma oral como escrita, do coñecemento dos conceptos específicos da U.D. e tamén o t r a b a l l o n a materia. Neste apartado debemos sinalar que haberá momentos do curso, marcados polo currículo, no que o traballo se poderá realizar en grupo, no que se fai especial fincapé porque permite unha distribución de tarefas, axuda á asunción de responsabilidades persoais e enriquece a calidade das actividades, que axuda a que o alumnado comparta e xenere coñecementos e roles diferentes no transcurso do desenvolvemento das materias do departamento.
 - O funcionamento da clase. Neste caso os datos para a avaliación derivan do traballo e a observación mencionados anteriormente, proporcionándonos unha información xeral importante tanto para o profesorado como para @s titores.

Tamén, somos conscientes da importancia dos enfoques multidisciplinares e de romper os estritos marcos das “materias”, especialmente no caso do ensino dos niveis obrigatorios. Neste sentido procuraremos traballar en equipo e coordinarnos cos outros membros do equipo docente de cada grupo. Sen embargo, temos que manifestar que métodos de traballo como as metodoloxías por proxectos ou outras que precisen o uso dos recursos e o traballo conxunto coa biblioteca escolar é posible que non

poidan ser plantexados a causa dos recortes de profesorado e o práctico desmantelamento do equipo de biblioteca.

No referente ás asignaturas de 2º de Bacharaleto o tratamento metodolóxico axustarase ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando os ritmos e os estilos de aprendizaxe, e tendo en conta a atención á diversidade:

- A materia de “Historia de España” permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación.
- A materia de “Historia da Arte” Elaboración de materiais propios e ferramentas TIC.

Por último, pero non menos importante, debemos contemplar a posibilidade de que neste curso que comeza haxa que desenvolver un ensino non presencial ou semipresencial debido ás diferentes circunstancias de adaptación que precise o alumnado.

En caso de ter que volver a activar o ensino a distancia, o Departamento impartirá as clases por medios telemáticos. As actividades, tarefas, vídeos resumos e demais materiais estarán a disposición do alumnado na plataforma online a través da Aula Virtual.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN UTILIZAR

Libros de Texto

- *“Xeografía e Historia. 1º ESO”*. GALEGO. *Construíndo Mundos Santillana* Edicións. LOMLOE. V V A A. ISBN 9788491854241 Edición 2022
- *“Xeografía e Historia. 2º ESO”*. Baía Edicións. LOMCE. Autoras: Ana Brea Pedreirae AnaRomero Masiá. ISBN 978-84-9995-198-0. Edición 2016
- *“Xeografía e Historia. 3º ESO. Operación Mundo”* GALEGO. Anaya Edicións. LOMLOE. V V A A. ISBN 9788414308929. Edición 2022
- *“Xeografía e Historia. 4º ESO”*. Baía Edicións. LOMCE. Autoras: Ana Brea Pedreirae AnaRomero Masiá. ISBN 978-84-9995-199-7 . Edición 2016
- *“Historia do Mundo Contemporáneo. Comunidade en Rede”*. 1º Bach. GALEGO. Editorial Vicens Vives. Autores: L. ÁlvarezRey, M. García Sebastián, C. Gatell Arimont & alii. ISBN: 9788468287690 . Edición 2022
- *“Historia de España”*. 2º Bach. Editorial Vicens Vives. Edición en galego. Autores: L. Álvarez Rey, M. García Sebastián, C.Gatell Arimont; J.C. Gibaja Velázquez, M.Risquer

Corbella. ISBN978-84-682-3637-7. Edición 2016

- *“Historia da Arte”, 2º Bach*, Editorial Vicens Vives. Edición en Galego. Joan-Ramon Triadó, Maribel Pendás, ISBN 9788468236384, Edición 2016

Outros recursos didácticos

- Recursos dixitais e Aula Virtual para as clases presenciais, semipresenciais ou non presenciais.
- Libros de consulta.
- Xornais dixitais. Optamos por este tipo de información pola variedade ideolóxica, algo dificilmente atopable hoxe en día na prensa convencional onde domina o pensamento único.
- Utilizarase a prensa escrita para todos aqueles sucesos (“eventos” dise hoxe seguindo a terminoloxía anglosaxona) que poidan ser relevantes para o traballo do currículo e a mellora das competencias básicas.
- Pizarra electrónica nas aulas onde existe.
- Video proxector
- Fragmentos de películas e documentais sobre aspectos que teñan relación co currículo eo traballo das competencias, xunto coa recomendación de visionado doutras que poden atopar na Biblioteca (caso de seguir a funcionar o servizo).
- Materiais do “Proxecto*terra*”.
- Ordenador. Internet. Consulta de páxinas web cuxo uso poida ser relevante, como é o caso de SIXPAC.
- Presentacións PowerPoint que sirvan para sintetizar, visualizar ou centrar aspectos relevantes do currículo ou/e da actualidade.
- Material elaborado pola profesora – apuntamentos, resumos, fichas de actividades,...-.
- En principio non estableceremos ningún libro de lectura senón que utilizaremos fragmentos de textos literarios, xornalísticos ou mesmo de banda deseñada como material complementario na aula. Iso non é óbice para que recomendemos determinadas lecturas que o alumnado pode atopar na biblioteca e que teñen relación co traballado en clase nun momento determinado (*“Outra idea de Galicia”* de Miguel Anxo Murado).

7.

**CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN
EPROMOCIÓN DO ALUMNADO**

A avaliación, con carácter formativo e orientador, será contínua e estará plenamente integrada na actividade habitual da aula, permitindo detectar as dificultades no momento no que se producen e, en consecuencia, incorporar as medidas de ampliación, enriquecemento, reforzo ou adaptación necesarias.

Decídese seguir a Orde tal cual ven explicada, e tamén se traballará conforme aos artigos e puntos de dita Orde, especialmente indicando a importancia do Capítulo III, Artigo 7 puntos 7 e 8, de maneira que se observará a realización de traballos e tarefas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría tal e como o considera o Decreto para a Educación Secundaria:

“7. Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.”

“8. O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Nese sentido, para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.”

O mesmo se considera para o Capítulo IV, Artigo 18, puntos 5 e 6, para o Bacharelato, especificamente no punto 6 para o 1º curso de BACH:

“5. Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres sesións poderá coincidir coa avaliación final do período ordinario. Haberá, así mesmo, unha sesión de avaliación logo da realización das probas extraordinarias. As avaliacións finais ordinaria e extraordinaria realizaranse nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

6. No segundo curso de bacharelato, no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, o centro educativo organizará a impartición das clases co fin de preparar o alumnado para a realización da avaliación de acceso á universidade e das probas extraordinarias.

No primeiro curso de bacharelato, o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.”

Deste xeito, en canto á Avaliación Final da ESO e de 1ºBACH, se terá en conta:

- PROBA: o exame que terá que realizar o alumnado que suspendera as avaliacións parciais e as recuperacións – na ESO- ou a Avaliación Final -en 1º de Bacharelato-.

- TRABALLO DE reforzo, ampliación, apoio (segundo a situación do alumno): o alumnado que teña aprobadas as avaliacións parciais – na ESO - ou a Avaliación Final Ordinaria -en 1º de Bacharelato-, poderá entregar o traballo programado pola profesora no período entre o segunda semana de xuño e o 22 de xuño de xuño, apoiándose no traballado na clase e tamén en recursos telemáticos como a Aula Virtual. Deste xeito se poderá aumentar na nota da Avaliación Final entre 0'5 e 1 punto, sempre e cando a profesora o considere oportuno.

Ao comezo do curso levarase a cabo unha *avaliación inicial* para determinar os coñecementos previos d@s alumn@s. Ao longo de todo o proceso efectuarase unha *avaliación formativa* que nos proporcione información sobre o proceso de ensinanza- aprendizaxe e nos permita efectuar os axustes necesarios na programación. Por último, a *avaliación sumativa* permitiranos contrastar a eficacia do proceso educativo, ver se se conseguiron os obxectivos propostos, e serviranos para tomar decisións con respecto á promoción d@ alumn@.

Como xa dixemos, utilizaremos distintos instrumentos e técnicas en función do que necesitamos avaliar en cada momento.

En consecuencia, os criterios de cualificación e de promoción son os seguintes:

1º ESO, 2ºESO, 3ºESO, 4ºESO:

- **A nota de cada avaliación**, comporase en base non só aos coñecementos da materia en sí, senón tamén ao traballo realizado na clase así como a entrega das tarefas encomendadas. Terase tamén en conta o progreso e mellora na adquisición das competencias.
- O 80% da nota final de cada unha das tres avaliacións corresponderá á nota media dos **exames** parciais .As probas consistirán nunha serie de preguntas sobre as unidades didácticas do trimestre.
- O 20% restante da nota de cada avaliación corresponderá ao **traballo do alumnado**. Farase un seguimento do traballo da alumna/o, no que se observará calidade das tarefas e as correccións indicadas pola profesora nas diversas actividades. Estas actividades se entregarán no prazo fixado (actividades e traballo formarán parte da observación do profesorado).
- Para obter unha cualificación positiva na avaliación haberá que acadar unha nota mínima de 5.

- O alumnado que non supere unha avaliación (nota inferior a 5) realizará unha **proba de recuperación** dos contidos vistos nese trimestre. A **proba de recuperación** terá lugar ao comezo do seguinte trimestre excepto na 3ª avaliación, onde se realizará a finais da mesma.
- Contémplase tamén a realización dunha *proba de recuperación final* no período da segunda semana de xuño e o 22 de xuño, comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final.
- Durante a segunda semana de xuño e o 22 de xuño faranse actividades de recuperación encamiñadas a preparar a proba de recuperación final.
- A proba de recuperación final consistirá nunha proba escrita/oral dunha serie de preguntas semellantes ás realizadas durante o curso. Nela deberán acadar os contidos mínimos esixibles e será o único que se terá en conta para aprobar. A proba cualificarase de 0 a 10 puntos.
- A cualificación na **Avaliación Final** será o resultado da media aritmética das notas obtidas en cada avaliación. Para aprobar a materia a media debe ser igual ou superior a 5 puntos.
- Ao finalizar a Terceira Avaliación se fará a media de todas as avaliacións parciais para saber que alumnado é apto ou non apto.
- O alumnado será considerado apto, sempre e cando obteña unha nota de 5 ou máis de 5 tras facer a media aritmética das tres avaliacións parciais. O alumnado que supere a materia poderá subir entre 0,5 e 1 punto a esta nota media sempre e cando realice o traballo programado pola profesora entre a segunda semana de xuño e o 22 de xuño.
- No caso do alumnado non apto que tivo que recuperar a materia entre a segunda semana de xuño e o 22 de xuño, a nota da avaliación final calcularíase do seguinte xeito : para aquel alumnado que suspendera unha ou máis dunha avaliación, e, coa nota ou notas resultantes, se fará media coas avaliacións aprobadas se é o caso. De ter todas as avaliacións suspensas, se fará media coas notas obtidas de cada parte avaliada (unha parte do exame por cada avaliación).
- A nota da avaliación final, igual que a de cada avaliación parcial, redondearase á alza a partir do medio punto (4,5 =5; 6,5=7 pero 4,4 =4).
- Copiar nun exame por calquera procedemento será considerado grave e dito exame anulado e cualificado cun 0.

1º BACH

- A nota de cada avaliación parcial, así como a nota final comporase en base non só aos

coñecementos da materia en sí, senón tamén ao traballo realizado na clase así como a entrega das tarefas encomendadas e a observación na clase.

- O 80% da nota final de cada unha das tres avaliacións parciais corresponderá a nota media dos exames parciais. Ditos exames terán unha parte práctica e outra teórica.
- O 20% restante corresponderá ás actividades diarias de aula e aos traballos escritos que se puideran poñer nas diferentes avaliacións.
- Farase un exame de recuperación por cada unha das avaliacións suspensas.
- Ao finalizar a Terceira Avaliación, se fará unha media aritmética dos resultados das avaliacións parciais e das recuperacións. A nota máxima será de 5 ou APTO e a nota redondearase á alza a partir do mediopunto (4,5 será un 5; 6,5 será un 7 pero 4,4 será un 4). O alumnado APTO poderá reforzar, ampliar e ser apoiado de cara á Avaliación Final. O alumnado que non obtivese 5 ou máis de 5 na nota media aritmética das tres avaliacións parciais (a nota redondearase á alza a partir do mediopunto: 4,5 será un 5; 6,5 será un 7 pero 4,4 será un 4) se considerará NON APTO e deberá recuperar a materia na Avaliación Final.
- Na Avaliación Final, o alumnado APTO poderá traballar co material que lle indique a profesora e poderá **subir un punto** á nota media aritmética das tres avaliacións parciais. Este traballo o poderá realizar entre o segunda semana de xuño e o 22 de xuño.
- Na Avaliación Final o alumnado NON APTO reforzará e terá apoio para superar a materia, podendo utilizar material que a profesora lle aporte, entre a segunda semana de xuño e o 22 de xuño. Ao finalizar este periodo de preparación, o alumnado NON APTO acudirá a unha proba final para aprobar a/as avaliación/s parcial/is que o alumnado tivese suspensa/s.
- Na avaliación final se realizarán as recuperacións das avaliacións parciais suspensas, entre o segunda semana de xuño e o 22 de xuño de xuño, para aquel alumnado que suspendera unha ou máis dunha avaliacións parciais. De ter todas as avaliacións suspensas, se fará media coas notas obtidas de cada parte avaliada (unha parte do exame por cada avaliación e que o alumnado poderá traballar con actividades e material que lle poderá ofrecer a profesora entre o segunda semana de xuño e o 22 de xuño de xuño).
- A Avaliación Final consistirá nunha proba escrita/oral dunha serie de preguntas semellantes ás realizadas durante o curso. Nela deberán acadar os contidos mínimos esixibles e será o único que se terá en conta para aprobar. A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha calificación mínima de 5 puntos para aprobar.
- Copiar nun exame por calquera procedemento será considerado grave e dito exame queda anulado e cualificado cun 0.

- A Avaliación Final, contemplada actualmente na lei, consistirá nunha proba escrita/oral semellante ás realizadas durante o curso (preguntas breves, definicións, práctico...) e un tema a elixir entre varias opcións. Nela deberán acadar os contidos mínimos esixibles, o único que se terá en conta para aprobar. A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos para superala.
- Debido á implementación da LOMLOE, este aspecto se desenvolverá na plataforma PROENS.

2º BACH

En 2º de Bacharelato, aínda que se valoran positivamente tanto o traballo realizado como a asistencia a clase, os contidos, competencias e estándares de aprendizaxe son prioritarios á hora de obter unha determinada cualificación: en concreto o seu peso é dun 100%. Observarase o traballo e o progreso, así coma a mellora ao longo do curso académico.

A nota correspondente á Avaliación Final Ordinaria será o resultado da media aritmética das distintas notas obtidas polo alumnado nas avaliacións ao longo do curso (poderá haber 1 ou máis de 1 proba por avaliación).

No caso de "*Hª de España*" para aprobar unha avaliación será necesario que @ alumn@ obteña 4,5 puntos sobre 10 e seguiremos a valorar:

1. Os coñecementos específicos: identificación de protagonistas, ideoloxías, cambio e continuidade...
2. A comprensión e capacidade para identificar as causas, os antecedentes, as consecuencias.... E a capacidade para identificar os procesos evolutivos.
3. A capacidade de relacionar os acontecementos co seu contexto histórico (social, político, económico... segundo corresponda).
4. A claridade expositiva, coherente e con rigor conceptual. En definitiva: a madurez intelectual.
5. A corrección gramatical e ortográfica (non desconta na nota)

- A nota correspondente á avaliación final será o resultado da media de todo o curso, das tres avaliacións, valorando o traballo do alumnado. A lexislación contempla hoxe a importancia de acudir a clase no caso de suspender a materia.

- Observarase o traballo e preparación da materia por parte do alumnado. É moi importante a realización e

creación de temas, vocabulario e desenvolvemento de comentarios históricos profundos e maduros (requírese a madurez intelectual desta etapa educativa do Bacharelato). Este traballo debe seguir unha orde e corrección argumental, unha investigación rigorosa e unha adecuación histórica adecuadas á madurez do curso no que se está a traballar. Non se poderá desenvolver un traballo xeralista, subxectivo ou que só dé voltas aos asuntos sen afondar neles, ou sen poñer os exemplos destacados esixidos polo currículo e pola etapa educativa de 2ºBACH.

- Non hai exames de recuperación aínda que excepcionalmente se poderán realizar recuperacións ao comezo das avaliacións seguintes e terán o máximo de 5 ou APTO. Realizarase 1 ou máis de 1 probas por trimestre, intentando respectar o formato aportado pola CIUG para as ABAU, pero lembrando que non se prepara ao alumnado para ditas probas, se non que se lles orienta e axuda a ir cara as mesmas. A media das avaliacións supoñerá a nota final.

- A Avaliación Extraordinaria se realizará ao finalizar o tempo de preparación das ABAU Ordinarias, e consistirá nun exame onde se recollan todos os apartados do currículo traballados durante o curso, lembrando que se intentará orientar nos mesmos ao alumnado que vaia acudir ás ABAU Extraordinarias, pero non en exclusividade.

- Tanto a Avaliación Final coma a Avaliación Final extraordinaria, consistirán nunha proba escrita semellante ás realizadas durante o curso (preguntas breves, definicións, práctico... a elixir entre varias opcións). Nela deberán acadar os contidos mínimos esixibles, o único que se terá en conta para aprobar. A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos para superala. Para realizala dependeremos dos calendarios ABAU.

- Seguiranse os criterios para a realización de exames que se especifican na páxina web do IES A Sardiñeira no Departamento de Xeografía e Historia (tamén descritos máis abaixo) e, de non cumprirse os mesmos, probas e traballos terán a cualificación de 0 ou non serán corrixisos.

- No caso da materia de Historia de España de 2ºBACH, tamén se terán en conta as normas e a estrutura do exame das ABAU. Debe quedar claro que non se preparará ao alumnado para as ABAU, pero si se intentará orientar e axudar para ditas probas. Deste xeito se cumprirán nos exames da materia:

"Seguirase o esquema ABAU para desenvolver o exame:

- Vocabulario (2 puntos con 8 termos e 4 a elixir que valerán 0'5 cada un), 4 Temas (3 puntos) a elixir un tema (dos 4 primeiros bloques de Historia, se propoñerán 1 ou 2 temas de cada bloque) e tres textos por cada Comentario Histórico con 5 puntos (haberá 3 posibles comentarios históricos dos séculos XIX e XX, segundo o que esteamos a traballar na clase).

- O vocabulario non deberá superar as 5 liñas e os Temas non deberán superar 1 cariña de extensión.

- 4 Temas a elixir 1. Os temas serán de cada un dos catro bloques de contidos, pero poderán aparecer dous temas dun dos bloques, de maneira que non todos os bloques se verán reflexados no exame. Os temas seleccionados serán elixidos ao azar pola profesora, sempre tendo como referencia as probas pasadas da ABAU.

- Comentarios de texto: haberá tres conxuntos de tres textos, de maneira que se presentarán tres temas distintos, a elixir un dos conxuntos de tres textos. Dependendo do momento do curso, os tres conxuntos de textos serán só do século XIX, ou do século XIX e do século XX. Os textos e os temas que trate cada conxunto de textos, serán elixidos ao azar pola profesora, sempre tendo como referencia as probas pasadas da ABAU.
- Tanto Temas como Comentarios terán a mesma estrutura: INTRODUCCIÓN, DESENVOLVEMENTO e CONCLUSIÓN. Na pregunta do Tema cada apartado valerá 1 punto. Na pregunta do Comentario de texto, Introducción e Conclusión valerán 1 punto, o Desenvolvemento terá varios apartados (Causas 0'5 pts, Desenvolvemento 0'5pts e Consecuencias 0'5 pts), e os Textos valerán 0'5 puntos cada un (se só se menciona o texto, ou se só se menciona unha frase do texto, só se contará a metade, é dicir, 0,25 pts).
- Adapatermos aos exames e á materia de Historia de España todas as instrucións, correccións, adaptacións, indicacións, informacións e novidades do GRUPO DE TRABAJO DE HISTORIA DE ESPAÑA das ABAU."

No caso de *Historia da Arte*, para aprobar a avaliación será necesario que o alumnado realice todas as probas feitas durante o curso que contarán o 100% da nota. O alumnado deberá dominar os contextos históricos, os contidos artísticos e o vocabulario necesario para a materia e para desenvolve-la. A redacción deberá ser clara, deberanse relacionar acontecementos históricos cos artísticos e se deberán introducir os aspectos necesarios nas composicións artísticas e de vocabulario de Historia da Arte. As etapas, movementos, elementos e artistas de cada época, deberán ser distinguidos e relacionados nos exercicios que se avaliarán ao longo da materia. Realizarase 1 ou máis de 1 probas por trimestre, intentando respectar o formato aportado pola CIUG para as ABAU, ao igual que as normas de asistencia e realización de exames. Debe quedar claro que non se preparará ao alumnado para as ABAU, pero si se intentará orientar e axudar para ditas probas.

- A nota correspondente á avaliación final será o resultado da media de todo o curso, das tres avaliacións, valorando o traballo do alumnado. A lexislación contempla hoxe a importancia de acudir a clase no caso de suspender a materia.
- Observarase o traballo e preparación da materia por parte do alumnado. É moi importante a realización e creación de temas, vocabulario e desenvolvemento de definicións e comentarios histórico-artísticos profundos e maduros (requírese a madurez intelectual desta etapa educativa do Bacharelato). Este traballo debe seguir unha orde e corrección argumental, unha investigación rigorosa e unha adecuación histórico-artística adecuadas á madurez do curso no que se está a traballar. Non se poderá desenvolver un traballo xeralista, subxectivo ou que só dé voltas aos asuntos sen afondar neles, ou sen poñer os exemplos destacados esixidos polo currículo e pola etapa educativa de 2oBACH.
- Non hai exames de recuperación aínda que excepcionalmente se poderán realizar recuperacións ao comezo das avaliacións seguintes e terán o máximo de 5 ou APTO. Realizarase 1 ou máis de 1 probas por trimestre, intentando respectar o formato aportado pola CIUG para as ABAU, pero lembrando que non se prepara ao alumnado para

ditas probas, se non que se lles orienta e axuda a ir cara as mesmas. A media das avaliacións supoñerá a nota final.

- A Avaliación Extraordinaria se realizará ao finalizar o tempo de preparación das ABAU Ordinarias, e consistirá nun exame onde se recollan todos os apartados do currículo traballados durante o curso, lembrando que se intentará orientar nos mesmos ao alumnado que vaia acudir ás ABAU Extraordinarias, pero non en exclusividade.

- Tanto a Avaliación Final coma a Avaliación Final Extraordinaria, consistirán nunha proba escrita semellante ás realizadas durante o curso cunha obra de arte a elixir entre varias opcións e a definición de varios termos de vocabulario artístico. Nela deberán acadar os contidos mínimos esixibles, o único que se terá en conta para aprobar. A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos para superala. Para realizala dependeremos dos calendarios ABAU. En ambas probas, elixiranse dúas obras cos catro termos a definir correspondentes, coma no exame ABAU. E se avaliará a proba corrixido as dúas opcións ofrecidas pola profesora do seguinte xeito: Análise da lámina elixida mediante tres apartados: (4 puntos) – CLASIFICACIÓN DA OBRA: Identificación, título, autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento. (1 punto) – CONTEXTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO: Encadramento no contexto histórico-artístico. (1 punto) – COMENTARIO DA OBRA: Análise e comentario da lámina. (2 puntos)-- Catro Termos artísticos: 2 puntos (0'5 cada un).

- Seguiranse os criterios para a realización de exames que se especifican na páxina web do IES A Sardiñeira no Departamento de Xeografía e Historia (tamén descritos máis abaixo) e, de non cumprirse os mesmos, probas e traballos terán a cualificación de 0 ou non serán corrixidos.

- No caso da materia de Historia da Arte de 2ºBACH, tamén se terán en conta as normas e a estrutura do exame das ABAU. Debe quedar claro que non se preparará ao alumnado para as ABAU, pero si se intentará orientar e axudar para ditas probas.

O Departamento de Xeografía e Historia do IES A Sardiñeira, indica que, tras consenso de departamento, se seguirán as seguintes normas á hora de realización de exames en 2º de Bacharelato:

“Seguiránse as seguintes normas á hora de realizar no exame. De non seguirse, penalizaráse o exame cun cómputo negativo ou, en caso de tratarse dunha falta grave, se retirará a proba e non se corrixirá:

- Os apuntamentos, texto, traballo e actividades que se deixan na Aula Virtual ou na clase serán unicamente orientativos. O alumnado debe realizar os seus propios apuntamentos de vocabulario, temas e comentarios históricos, de maneira que deberán ser ORIXINAIS (NON COPIADOS EXACTAMENTE DE APUNTAMENTOS, PÁXINAS WEB, MANUAIS.).

Unha vez realizados os apuntamentos, enviaráanse a corraxir á profesora (só ata dous días antes do exame para que dea tempo a estudar sobre o corraxido). Deste xeito, se poderá ter en conta a suma do % de nota de traballo de clase e casa, á nota total. ESTE PUNTO debe quedar CLARO, pois NON admitirá REVISIÓN a partir de agora.

- Non se terá ningún tipo de material na mesa, na cadeira ou na parrilla da mesa. Non se terán abrigos, mantas ou mochilas xunto co alumnado ou sobre a cadeira ou a mesa. DEBEREDES DEIXAR ESTE MATERIAL LONXE DAS MESAS. Non se terán folios que non entregue a profesora nin esquemas, nin chuletas, nin ningún tipo de apuntamento. Tampouco estuches. Deste xeito, só se poderá ter o imprescindible para o exames (bolígrafo, suliñadores e/ou tipex ou corrector). SE A PROFESORA DETECTASE QUE O ALUMNO OU A ALUMNA ESTÁ A COPIAR DURANTE O EXAME, DITA PROBA SE RETIRARÁ E SE CUALIFICARÁ CUN CERO. Polo tanto, evitemos o movemento de mochilas, xestos e espasmos estranos, e fagamos o exame ben sentados/as, rectos na mesa, sen retorcernos e sen ocultar o traballo que facemos. FALTA GRAVE

- Non se poderán traer aparellos electrónicos de ningún tipo, cascos, móbiles nin smartwatches. FALTA GRAVE.

- Aquelas persoas que teñan pelo longo, deberán telo recollido durante a proba.

- Non se poderán realizar preguntas durante o exame unha vez dea comezo a proba. As explicacións oportunas se farán antes de dar comezo á mesma.

- Non se poderán facer marcas persoais de ningún tipo durante o exame: cadros, suliñados, palabras enteiras en maiúsculas... Só se poderán suliñar as follas impresas do exame.

- Non se deben engadir guións, frechas ou numerais, pois o vocabulario, temas e comentarios, deben ser escritos de forma seguida e só podendo ter unha división en parágrafos. Non se deben engadir símbolos que personalicen o exame.

- O alumnado deberá manter marxes laterais, superior e inferior á hora de escribir.

- O alumnado escribirá de forma limpa e ordeada (e que non haxa marcas de aparellos móbiles na folla).

- O alumnado deberá asegurarse de que as follas en branco entregadas pola profesora estean marcadas por ela. Doutro xeito, non se corraxirá o contido do exame. FALTA GRAVE

- Non se admitirán "cambiazos" ou follas alleas ás entregadas pola profesora. De habelos dentro da proba entregada, o exame non se corraxirá. FALTA GRAVE.”

En calquera caso, e para todas as materias e cursos, a cualificación mínima para aprobar a materia é de 5 puntos.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E

PRÁCTICA DOCENTE

“Un enfoque metodolóxico baseado nas competencias clave e nos resultados de aprendizaxe conleva importantes cambios na concepción do proceso de ensinanza-aprendizaxe... , así como cambios nas prácticas de traballo e nos métodos de ensinanza”(Orden ECD/65/2015, de 21 de xaneiro)

Unha ferramenta de mellora da calidade de educación é realizar unha avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, sempre que se faga dun xeito reflexivo e con capacidade de autocrítica. Consideramos que debe ser un elemento central da práctica educativa pois permite mellorar, revisar e adaptar os contidos, metodoloxía e procedementos de aprendizaxe.

Hai un sinfín de aspectos que podemos analizar e avaliar do noso proceso de ensino e da nosa práctica docente (os materiais utilizados, a planificación, as medidas de atención á diversidade, os usos que demos ás TIC...), pero para sistematizar o traballo neste curso académico imos centrarnos en dous aspectos:

- a) por unha banda, no noso traballo na aula establecendo unha serie de elementos a avaliar e uns indicadores para cada un deles.
- b) Por outra, na mellora na competencia en comunicación lingüística, tanto oral como escrita. A idea é partir do observado na avaliación inicial a principio de curso, e comparalo cos cambios experimentados (ou non) ao remate do mesmo.

Incluimos a continuación unha serie de Rúbricas que serán orientativas e adaptables, coa posibilidade de ser utilizadas para avaliar este proceso de ensino e a práctica docente:

Rúbrica para o desenvolvemento da ensinanza:

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
--	-------------	------------	----------------------

D E S . E N	1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
	2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos, intercala preguntas aclaratorias, pon exemplos...		

S I N O	3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
	4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
	5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.		
	6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
	7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e alumnas.		
	8. Presenta actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
	9. Presenta actividades de grupo e individuais.		

Rúbrica para o seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
	1. Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
	2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica		

<p>3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.</p>		
<p>4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.</p>		
<p>5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e das alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.</p>		
<p>6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.</p>		
<p>7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.</p>		
<p>8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron acadados suficientemente.</p>		
<p>9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron acadados con suficiencia.</p>		
<p>10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, do nivel dos estudantes, etc.</p>		
<p>11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.</p>		

--	--	--	--

Rúbrica para o seguimento do Traballo na aula

Traballo na aula		1	2	3	4
1	@s alumn@s traballan do seguinte xeito nas miñas clases:				
	. De forma individual				
	. Por parellas.				
	. En grupos reducidos				
	. En grupos grandes				

2	Os exercicios que proponho son do seguinte tipo:				
	. Pechados, dirixidos, do libro, etc.				
	. Abertos, procedimentais, diversos, proxectos, etc.				
	. Facilitan o traballo cooperativo.				
3	Na metodoloxía que aplico:				
	. Uso ferramentas TIC				
	. Propoño actividades que faciliten a aprendizaxe autónoma				
	. Baséome nas explicacións teóricas e no libro.				
4	Cómo paso as horas lectivas (promedio)				
	. Consequindo silencio				
	. Impartindo teoría e explicacións				
	. Respondendo a preguntas, fomentando a participación, desenvolvendo prácticas, etc.				
	. Observando				
	. Correxindo aos alumnos e alumnas de maneira individual				

Rúbrica para a avaliación da Competencia en comunicación lingüística

Alumn						
@						
		1	2	3	4	
		Non é capaz de expresar	Expresa ideas e opinións de	Expresa ideas e opinións de	Expresa ideas e opinións de forma	

Expresión oral	axeitadamente ideas ou opinións sobre unha cuestión concreta	forma oral usando frases ben construídas sintáctica mente.	forma oral e con claridade, destaca aquilo que resulta máis importante.	clara, destacando e estruturando claramente a información e utilizando un vocabulario elaborado.	
Comprensión oral	Non comprende unha mensaxe oral sinxela, adoptando respostas insólitas ou inesperadas ante a mesma	Comprende mensaxes orais sobre temas de interese do alumnado	Comprende mensaxes orais sobre temas diversos, extraendo a idea principal	Comprende mensaxes de diferentes medios, extraendo a información máis relevante e xenerando opinións propias ao respecto	

--	--	--	--	--	--	--

Competencia en Comunicación Lingüística (CCL)	Expresión escrita	Non emprega a expresión escrita para comunicar unha situación, unha idea, ou unha opinión. Non emprega as convencións ortográficas	Expresa ideas e opinións de forma escrita, adecuándose ás convencións sintácticas	Expresa ideas e opinións de forma escrita, establecendo unha organización lóxica e empregando as convencións sintácticas e ortográficas.	Expresa ideas, opinións sobre informacións de moi diverso tipo, cunha organización clara, empregando as convencións sintácticas e ortográficas, e usando unha linguaxe elaborada.	
	Comprensión escrita	Non identifica a idea xeral dun texto sinxelo. Non adapta unha resposta	Que comprenda mensaxes escritas sinxelase estruturadas sobre situacións próximas	Que comprenda mensaxes escritas sinxelas sobre situacións da contorna	Que comprenda mensaxes escritas diversas, adaptando o modo de ler ao tipo de texto, extraendo	

		claraante un enunciad o simple.	e temáticas de interese.	próxima, identifica ndo aidea principal e a súa estrutura, adecuand o a forma de ler segundo o tipode texto	información e resumindo a mesma nunhas poucas liñas	
--	--	--	-----------------------------------	--	---	--

9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Os alumnos coa asignatura pendente do curso anterior serán distribuídos por cursos e asignados a cada un dos profesores do departamento que se encargarán de entregar, corrixir e calificar os traballos. As calificacións aparecerán na primeira avaliación, segunda, terceira e final (e extraordinaria se fose o caso).

Segundo a Orde do 25 de xaneiro de 2022, o alumnado con materias pendentes, tamén realizará actividades de recuperación entre o segunda semana de xuño e o 22 de xuño de xuño co fin de superar a materia, e encamiñado a superar unha proba final (ou extraordinaria segundo o caso).

Para obter un resultado positivo, o alumnado que se atope nestas circunstancias, seguirá o Plan de Seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente desta programación.

10. PLAN DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE 1ºESO, 2ºESO, 3ºESO E 1ºBACH

Entregaráselle ao alumnado un boletín de exercicios relativos aos contidos xeográficos e históricos da asignatura por cada trimestre que serán revisados constatando o traballo do alumnado.

Tamén se acudirá a unha proba onde o alumnado demostre os coñecementos suficientes do curso pendente.

O alumnado terá a posibilidade de seguir orientacións, reforzo e apoio a través da Aula Virtual ou da Páxina Web do instituto no apartado do Departamento de Xeografía e Historia.

Debido ao cambio actual da lexislación cara a implementación da LOMLOE, os casos dos cursos de 1ºESO, 3ºESO e 1ºBACH prepararán as materias pendentes que aínda seguirán a lexislación LOMCE.

A cualificación positiva desta materia será o resultado do bo aproveitamento do alumnado a través do traballo dos boletíns e de contabilizar a nota da proba global de maio e, de ser o caso, da proba final de xuño, na ESO. No caso de ser a materia pendente de 1ºBACH, se contabilizaría a nota da proba global de abril e, de de ser o caso, da proba Extraordinaria.

Os/As alumn@s entregarán na data estipulada os seus boletíns e estes se adecuarán ás normas e mínimos esixidos: deben estar completos e correctos na súa totalidade. As preguntas destes boletíns se basearán no currículo de todo o curso que estea pendente. Os boletíns non serán avaliábles e servirán para o mellor aproveitamento do alumnado pendente.

As profesoras entregarán os boletíns ao alumnado pendente a comezo de curso.

O alumnado pendente entregará os boletíns antes das vacacións de Semana Santa. Tanto os alumnos que os entreguen como os que non, terán que acudir a un exame global da materia a celebrar no mes de maio, excepto para o alumnado con materia pendente de Historia do Mundo Contemporáneo de 1ºBACH que realizará o exame global da materia no mes de abril.

Os exames de pendentes constarán de diversas preguntas que o alumnado xa terá traballadas nos boletíns (boletíns no caso do alumnado da ESO) e que se refiren aos contidos do currículo de todo o curso, excepto no caso da materia pendente de Historia do Mundo Contemporáneo de 1ºBACH.

O alumnado que non supere o exame de maio terá un plan de reforzo e recuperación no periodo comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final de xuño no caso da ESO. **O PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN ESTÁ COMPENDIDO ENTRE A segunda semana de xuño e o 22 de xuño. O devandito plan consistirá en realizar actividades encamiñadas a superar unha proba final ao remate dese periodo. As actividades serán entregadas antes de dita proba para proceder á corrección.**

A cualificación mínima para superar cada proba será 5 puntos.

11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OUCOLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS

1º ESO

A avaliación inicial consiste nun cuestionario realizado o primeiro día de clase.

O cuestionario tratará sobre aspectos elementais da asignatura que previsiblemente o alumnado debería controlar ao acabar a Educación Primaria.

Na valoración dos resultados teranse en conta non só as respostas correctas, senón tamén a presentación. Se detallará na ferramenta PROENS debido ao cambio lexislativo coa LOMLOE.

2º ESO

A avaliación inicial consiste nun cuestionario realizado o primeiro día de clase.

O cuestionario tratará sobre aspectos elementais da asignatura que previsiblemente o alumnado debería controlar tras ter superado 1º da ESO.

Incluirase tamén un apartado con documentos de distinto tipo (textuais, icónicos, gráficos, estatísticos) coa finalidade de valorar o nivel de comprensión e madurez intelectual dos alumnose alumnas.

Na valoración dos resultados teranse en conta non só as respostas correctas, senón tamén a presentación.

3º ESO

A avaliación inicial consiste nun cuestionario realizado o primeiro día de clase.

O cuestionario tratará sobre aspectos elementais da asignatura que previsiblemente o alumnado debería controlar ao acabar Segundo da ESO.

Na valoración dos resultados teranse en conta non só as respostas correctas, senón tamén a presentación. Se detallará na ferramenta PROENS debido ao cambio lexislativo coa LOMLOE.

4º ESO

A avaliación inicial consiste nun cuestionario realizado o primeiro día de clase.

O cuestionario tratará sobre aspectos elementais da asignatura que previsiblemente o alumnado debería controlar ao acabar o Primeiro Ciclo da ESO.

Na valoración dos resultados teranse en conta non só as respostas correctas, senón tamén a

presentación.

1º BACHARELATO

Nos primeiros días do curso, realizaranse actividades relacionadas coa lectura e interpretación de diferentes tipos de fontes históricas que presenta o libro de texto nos primeiros temas. Estas actividades faranse tanto de maneira escrita como oral e na valoración dos resultados teranse en conta non só as respostas correctas. Se detallará na ferramenta PROENS debido ao cambio lexislativo coa LOMLOE.

En función dos resultados e das diferentes situacións tentarase facer un esforzo para atender a cada alumno ou alumna da forma máis personalizada posible, tendo en conta o nivel de coñecementos e capacidades que posúe, as súas motivacións e ritmo de aprendizaxe. Pero ademais estableceremos e deseñaremos **Medidas de reforzo** para atender dificultades de aprendizaxe, buscando reforzar a aprendizaxe daquelas destrezas que a maior parte do alumnado do seu nivel xa ten adquiridas, e que variarán en función das características do alumno ou alumna e do curso:

- o Traballo na aula en pequeno grupo que posibilita que @ profesor/a poida levar a cabo unha atención máis concreta e específica tanto daqueles alumn@s con maiores dificultades como daqueles outr@s que posúen maiores destrezas, dirixindo o traballo cara as súas motivacións máis persoais. Esta medida queda condicionada á evolución da situación sanitaria e as directrices que se reciban de parte das autoridades, que na actualidade parece subsanada.
- o ao longo do curso, puntualmente, encargaremos buscar informacións que terán que seleccionar e organizar para poder transmitila oralmente aos seus compañeir@s. Buscaranse temas que poidan ser de interés persoal e que presenten diferentes graos de complexidade, en función tamén das características persoais.
- o Recorrerase ao plantexamento de preguntas e cuestións pensadas especificamente en función das características persoais, buscando mellorar as carencias competenciais naqueles alumn@s que teñan especiais dificultades en aplicar e transferir coñecementos (que poden “saber”, pero non tanto “saber facer”). Polo mesmo, plantexaranse problemase cuestión de maior grado de complexidade para aqueles alumn@s con menos carencias neste sentido, buscando potenciar as súas capacidades.
- o Medidas organizativas de aula, buscando a colaboración e axuda entre compañeiros, método que se ten mostrado moi eficaz en numerosos casos. Neste caso tamén en función da evolución da situación sanitaria, xa subsanada, como se comentou máis arriba.

Outras medidas de reforzo educativo poden ser a diversificación dos procedementos e instrumentos de avaliación. Cando se trata de favorecer a inclusión pensamos que non debemos caer no erro de contemplar unha avaliación única. Para ter unha avaliación inclusiva podemos ter en conta os seguintes criterios:

- Adaptación das probas escritas
- Adaptación do formato: tipo de letra, tamaño, organización das preguntas, apoios visuais, uso do ordenador, explicación individualizada das preguntas ao alumnado con dificultades, supervisión e guía aos alumnos/as con dificultades...
- Adaptación nos tempos: ampliar o tempo para os alumnos con dificultades, dividir a proba en dous días
- Uso de métodos de avaliación alternativos ás probas escritas, como observación do traballo do alumno mediante portafolios, rexistros de anécdotas, diarios de clase...
- Adaptacións non significativas dos criterios de avaliación: Aplicar criterios de avaliación que contemplen diferentes graos de logro, priorizar criterios de avaliación mínimos en caso de alumnos con dificultades de aprendizaxe.

Polo mesmo, deseñaremos e utilizaremos **actividades de ampliación de coñecementos**, destinadas ao alumnado con altas capacidades intelectuais aos que é necesario proporcionarun estímulo intelectual suplementario.

Ademais, e de acordo co Departamento de Orientación, podemos decidir a conveniencia de realizar **Agrupamentos Flexibles** nalgúns materias en 1º da ESO, incluída a nosa. Con carácter xeral estes alumn@s deberán ter os mesmos obxectivos e contidos mínimos que o seu grupo de referencia, aínda que se poidan adaptar contidos do curso anterior cando sexan necesario aplicar unha metodoloxía diferente á da aula ordinaria, baseada en proxectos de traballo ou unidades didácticas con carácter práctico e funcional. Os criterios de avaliación serán os establecidos con carácter xeral para o grupo de referencia, pero podemos facer unha adaptación nos instrumentos de avaliación e nos materiais de aula.

Por último, podemos propoñer integrar a determinados alumnos ou alumnas nun **Grupo de adquisición de linguas** habida conta da súa dificultade con calqueira das dúas linguas oficiais, o que incide dun xeito relevante nunhas materias como as nosas nas que a lingua galega é unha ferramenta básica.

12. PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO.

Segundo o Decreto do 25 de xaneiro de 2022, cando un alumno ou unha alumna permaneza un ano ou máis no mesmo curso escolar (tendo en conta a lexislación actual que indica que o alumnado só poderá repetir dúas veces como máximo entre Educación Primaria e Educación Secundaria) se lle realizará un plan específico de reforzo na materia, atendendo ás necesidades de cada un.

13. PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO PARA AQUEL ALUMNADO QUE PRESENTE DIFICULTADES Á HORA DE SEGUIR A MATERIA, OU QUE OBTENÑAN RESULTADOS NEGATIVOS, DURANTE TODO O CURSO OU PARTE DEL

Segundo o Decreto do 25 de xaneiro de 2022, cando un alumno ou alumna presente dificultades á hora de seguir a materia durante todo o curso ou parte del, se lle realizará un plan específico de reforzo na materia, atendendo ás necesidades de cada un.

14. PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO PARA AQUEL ALUMNADO QUE TEÑA DIFICULTADES VISUAIS OU DE MOBILIDADE

Cando un alumno ou alumna presente dificultades visuais ou de mobilidade, se lle realizará un plan específico de reforzo ou adaptación curricular individualizada, en coordinación co Departamento de Orientación, seguindo as especificacións legais e as establecidas pola orientación do centro.

A este alumnado tamén se lles prestarán todo tipo de facilidades e servizos educativos, escolares e comunitarios (axudas do concello ou da Consellería de Educación).

Tamén se traballará con este alumnado tal e como se especifica no apartado de traballo telemático (exames, traballos, dúbidas), xunto coa utilización da Aula Virtual, e se adoptarán as medidas de reforzo e de atención á diversidade indicadas nesta programación.

No caso das dificultades visuais, contaremos no centro co apoio da ONCE. Tamén se facilitarán exames e traballo de forma telemática co alumnado, se seleccionará e adaptará a materia, se integrará o sistema Braille supervisado por un profesor da ONCE. Os exames poderán adaptarse ás necesidades do alumnado (contido, materiais e duración). Tamén se adaptarán os criterios de avaliación e o resto dos apartados desta programación.

No caso das dificultades de mobilidade, se facilitará o traballo e se adaptará a materia xunto coas probas ás necesidades do alumnado (contido, materiais e duración). Tamén terán apoio da

Aula Virtual e telemático (exames, traballo, dúbidas). Tamén se adaptarán os criterios de avaliación e o resto dos apartados desta programación.

No caso do alumnado en atención domiciliaria, o profesorado traballará cos alumnos a través da aula virtual e do profesor de Atención Domiciliaria. Os criterios de avaliación serán os mesmos que os dos alumnos que están no curso de referencia. Os exames faranse en presenza do profesorado de Atención Domiciliaria, que será o encargado de que se cumpran as garantías de obxectividade e autonomía de realización das probas.

15. CALENDARIO EDUCATIVO VIXENTE

En canto ao Novo Calendario Educativo do Curso 2022/2023

A comezos de curso, realizaranse probas de Avaliación Inicial na ESO e en 1oBACH para o seguimento e o control do alumnado.

Tamén haberá reunións de seguimento para o alumnado repetidor ou que deba permanecer no mesmo curso, así coma para o alumnado con materias pendentes, do que se derivarán os correspondentes informes.

Teremos en conta as medidas correspondentes de **Reforzo e Ampliación** necesarias para ter en conta o seguimento e avaliación da programación na ESO, así coma a posibilidade de adquisición de coñecementos por parte do alumnado destas etapas, para as materias do Departamento de Xeografía e Historia, tendo en conta que a Avaliación Final está programada para o periodo comprendido entre a segunda semana de xuño e o 22 de xuño. Deste xeito, se proporcionarán o traballo e as tarefas necesarias para atender ao alumnado de cara a estas datas. Se seguirán e se adaptarán todos os aspectos que se emitan dende a Consellería de Educación a este respecto.

16. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O Decreto 86/2015, no seu Art. 11, establece que *“os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagoxicas para a ESO dende a consideración da atención á diversidade e do acceso de todo o alumnado á educación común..... entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de tod@s @s alumn@s e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén”*

Tamén, no Art. 27 referido ao Bacharelato, establece que: *“os centros docentes implementarán metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, coa fin de conseguir que todo o alumnado acadese o máximo desenvolvemento das súas capacidades”.*

Os principios básicos nos que se basea a nosa programación xiran arredor da necesidade dun traballo

persoal por parte do alumnado para a construción do coñecemento significativo, combinado coa elaboración de actividades en pequeno grupo, como unha forma de iniciación ao traballo cooperativo. Este enfoque implica ter presentes as diferentes posibilidades de aprendizaxe de cada alumno/a e, xa que logo, proporcionar diversas vías de aprendizaxe.

En función das diferentes situacións poderemos optar por establecer **Medidas de reforzo**, é dicir, medidas ordinarias de atención á diversidade que afectan á secuenciación de contidos, á forma e instrumentos de avaliación ou á organización da clase. Son accións educativas específicas, adicionais ou complementarias, no marco do traballo na aula, para atender dificultades de aprendizaxe que non precisen doutras adaptacións curriculares máis fondas. Pero tamén para atender ao alumnado con altas capacidades intelectuais aos que é necesario proporcionar un estímulo intelectual suplementario e para @s que mesmo se pode flexibilizar a promoción.

Pero ademais, existen outro tipo de situacións. De acordo co Departamento de Orientación as propostas de medidas de atención á diversidade, partindo da realidade do noso centro tras terse realizado a análise dos resultados académicos no anterior curso:

- 1º ESO. Profesorado de apoio dentro da aula. (Haberá agrupamentos flexibles ou desdobres indicados na ferramenta PROENS).
- 2º ESO. Profesorado de apoio dentro da aula.
- 3º ESO. Profesorado de apoio dentro da aula. Desenvolverase na plataforma PROENS.
- 4º ESO. Profesorado de apoio dentro da aula. En caso de ser necesario, se observará a posibilidade de realizar o reforzo educativo necesario ao alumnado que promocionou a 4ºESO dende PMAR.
- Todos os cursos da ESO: Grupo de adquisición de linguas para alumnado procedente do estranxeiro ou doutras autonomías con descoñecemento das linguas oficiais.
- Seguiranse diversas rúbricas para avaliar o tratamento da diversidade individual, das cales poderemos ter un exemplo posible nas seguintes:

RÚBRICA PARA AVALIAR O TRATAMENTO DA DIVERSIDADE INDIVIDUAL

TRATAMENTO DA DIVERSIDADE INDIVIDUAL	MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE	GRAO DE CONSECUCIÓN
--------------------------------------	----------------------------	---------------------

DIVERSIDADE NACOMPREENS.	Non ten ningunha dificultade para entender os contidos	Seleccionar contidos con grao maior de dificultade	
	Entende os contidos pero, en ocasións, resúltanlle difíciles	Seleccionar os contidos significativos de acordo á súa realidade	
	Ten dificultades para entender os contidos que se presentan	Seleccionar os contidos mínimos e expoñelos simplificando a linguaxe e a información gráfica	
DIVERSIDADE DE CAPACIDADES	Non ten dificultades (alumn@s de altas capacidades)	Potenciar estas a través de actividades que lles permitan poñer en xogo as súas capacidades	
	Ten pequenas dificultades	Propoñer tarefas nas que a dificultades sexa progresiva de acordo ás capacidades que se vaian adquirindo.	
	Ten dificultades	Seleccionar aquelas tarefas de acordo ás capacidades d@ alumnad@, que permitan acadar os contidos mínimos esixidos.	

	Mostra un grande interese e motivación	Seguir potenciando esta motivación e interese.	
	O seu interese e motivación non destacan	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas variadas	

	Non ten interese nin motivación	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas máis procedementais e próximas á súa realidade	
DIVERSIDADE NA RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS	Encontra solucións aos problemas que se presentan en todas as situacións	Seguir fomentando esta capacidade	
	Encontra solucións aos problemas que se presentan en algunhas situacións	Propoñer problemas cada vez con maior grao de dificultade	

	Ten dificultades para resolver problemas nas situacións que se presentan	Propoñer problemas de acordo ás súas capacidades para ir desenvolvéndoas.	
	Exprésase de forma oral e escrita con claridade e corrección	Propoñer tarefas que sigan perfeccionando a expresión oral e escrita	

	Ten algunha dificultade para expresarse de forma oral e escrita	Propoñer algunhas tarefas e debates nos que @ alumnad@ teña que utilizar expresión oral e escrita coa fin de melloralas.	
--	---	--	--

COMUNICACIÓN DIVERSIDADE	Ten dificultades para expresarse de forma oral e escrita	Propoñer actividades co nivel necesario para que o alumnado adquira as ferramentas necesarias que lle permitan mellorar.	
-----------------------------	--	--	--

RÚBRICA PARA AVALIAR O TRATAMENTO DA DIVERSIDADE NO GRUPO		
TRATAMENTO DA DIVERSIDADE NO GRUPO	MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE	GRAO DE CONSECUCIÓ N
COMUNICACIÓN	A comunicación profesor-grupo non presenta grandes dificultades	Non se necesitan medidas
	A comunicación profesor-grupo ten algunhas dificultades	Propoñer estratexias para mellorar a comunicación
	A comunicación profesor-grupo ten grandes dificultades	Descubrir a causa das dificultades e propoñer medidas que as minimicen
MOTIVACIÓN	O grupo está motivado e ten grande interese	Non se necesitan medidas

	Parte do alumnado está desmotivado e ten pouco interese	Propoñer estratexias que melloren o interese e a motivación desda parte do alumnado.
	O grupo non ten interese e está pouco motivado.	Descubrir a causa da desmotivación e propoñer medidas que as minimicen
	O grupo ten boa actitude e sempre está disposto a realizar tarefas.	Non se necesitan medidas
	Parte do alumnado ten boa	Propoñer

	actitudee colabora.	actividades de grupo nas que asuma responsabilidades o alumnado menos	
--	---------------------	---	--

		motivado	
	O grupo ten mala actitude e non colabora nas tarefas.	Descubrir as causas do problema e adoptar medidas, estratexias, etc, para minimizar esas actitudes	

17. CONCRECIÓN DOS CONTIDOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA

Tal e como aparece recollido no Decreto 86/2015, de 29 de xuño, *“a aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial débese abordar dende todas as materias de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais como nos non formais e informais..”*

O propio Decreto, no Título Preliminar (Art. 4) establece aqueles elementos transversais que se deben traballar en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunha delas: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional.

Tamén establece que *“a programación docente debe abranguer a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico”*.

Con respecto á aprendizaxe competencial xa indicamos como as materias impartidas polo noso departamento contribúen ao seu desenvolvemento. Neste aspecto, o noso departamento acordou levar a cabo actividades de distinto tipo, de acordo cos diferentes niveis educativos:

1. Potenciar a lectura en voz alta, buscando mellorar a entonación como indicador

do nivel de comprensión do lido.

2. Potenciar as exposicións orais como forma tanto de favorecer o dominio da lingua oral como de potenciar a seguridade persoal e o dominio escénico.
3. Utilizar distintos tipos de textos (literarios, xornalísticos, publicitarios, gráficos...)
4. Utilizar a biblioteca escolar e participar naquelas actividades que esta desenvolva e organice, como a “Semana Cultural” tal e como vimos facendo dende hai anos. Por desgraza, é posible que este curso académico non podamos contar xa con este servizo por mor dos recortes de persoal.
5. Introducir aos alumn@s en portais educativos e páxinas web diversas que conteñan recursos didácticos cos que poder traballar autonomamente, ou como complemento do realizado na aula.
6. Acostumbrar ao alumnado a utilizar presentacións PowerPoint nas súas exposicións orais.
7. Motivar ao alumnado á utilización de servizo de aloxamento (“dropbox”, “icloud”) para a realización de traballos grupais e cooperativos.

Con respecto aos valores que se deben fomentar dende todas as materias, gustaríanos facer dúas matizacións que cremos importante:

- a) A incidencia que ten o sistema educativo nos valores sociais é, hoxe por hoxe, irrelevante. E, curiosamente, ante calquera problema social sempre se remite á *“necesidade de incluír a loita contra, de favorecer o desenvolvemento de..... no sistema educativo”*, cando o sistema educativo nada ten que facer ante o poder dos mass media. Por moito que, como profesores, insistamos en que o correcto é dicir “diputado”, se o propio presidente do goberno utiliza “diputao”, é evidente que temos a batalla perdida. Polo mesmo, por moito que defendamos a igualdade home-muller, se nos medios constantemente se están a vender e potenciar as imaxes de “belinas”, pouco temos que facer.
- b) En segundo lugar, o decreto fala de traballar a prevención da *“violencia terrorista, do racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico”*. É evidente que o traballo deste elemento transversal é algo específico da nosa disciplina, pero conviría facer dúas observacións:
 - b.a.dentro da violencia terrorista incluiremos tamén o terrorismo de estado, hoxe en día moi vixente no mundo e que tamén forma parte da nosa historia.
 - b.b.No referente ao Holocausto xudeu, é necesario incluír tamén o “Holocausto” doutras etnias (xitanos, armenios...) e ideoloxías que, por non contar con medios económicos

nin cinematográficos, son moito menos coñecidos pero non por ilo menos importantes ou graves.

Dito isto, o Departamento de Xeografía e Historia, tal e como corresponde a unha educación integral, tratará os temas considerados transversais. A modo indicativo, sinalaremos algúns dos aspectos que habitualmente forman parte do currículo:

- Educación para a paz, integrados os seus contidos nas unidades que fan referencia a conflitos bélicos e a institucións e organizacións que traballan a favor da paz.
- Educación moral e cívica, contidos que fan referencia ao estudo das constitucións e ao papel da cidadanía, incluíndo a adquisición de hábitos de conduta na aula.
- Valoración e respecto polo patrimonio cultural e artístico, a materia contén en todos os cursos temas relacionados coas manifestacións artísticas. A mellor maneira de aprender a valorar é coñecer as obras de arte e os seus creadores, por iso, os temas de arte non son tratados de forma marxinal na nosa práctica docente
- Educación medioambiental, presente nos temas de Xeografía que fan referencia a temas medioambientais, degradación do medio físico, sobreexplotación dos recursos, contaminación, etc e nos de Historia relativos aos procesos de industrialización e os seus efectos.
- Educación para a igualdade de oportunidades entre os dous sexos, as diferentes condicións de vida das mulleres son estudadas nas sociedades “antigas” e contemporáneas, tendo en conta a discriminación política, social, económica e cultural. Tamén en diferentes temas de Xeografía, especificamente en Demografía.
- Educación para a saúde, nos temas relativos a Demografía (tamén útiles para a educación sexual), industrialización, contaminación e problemas medioambientais, etc.
- Educación para o consumo, tratada nos temas de Xeografía relacionados coa agricultura, pesca, industria, a cidade, as desigualdades Norte/Sur; e en Historia nos relativos á formación e desenvolvemento da sociedade de consumo, cambios tecnolóxicos, financiamento dos edificios e obras de arte, en xeral.
- Educación vial, aplicable en Xeografía urbana (coñece a túa cidade).

Pero ademais, o noso Departamento ven colaborando co Plan de Convivencia contribuindo, dentro da aula, a fomentar o respecto e a tolerancia en todos os ámbitos.

Pola nosa experiencia nos últimos anos podemos dicir que no noso centro (e, polo tanto nas nosas aulas) aínda que existen alumn@s de múltiples nacionalidades, non existen problemas de discriminación racial nin de orixe (aínda que sí nos temos atopado con algunha manifestación de rexeitamento do inmigrante, pero como unha actitude individual e moi minoritaria). Sen embargo si que temos atopado problemas en relación coa orientación sexual (e que afecta sobre todo aos rapaces) e tamén un

incremento de comportamentos machistas (que afecta primordialmente ás rapazas):

- Para contrarrestar o primeiro dos aspectos, temos elaborados materiais sobre a sexualidade aolongo da historia, que busca romper preconceptos e esquemas, e aos que recorremos alí e cando se plantexe o problema e contemos coa aprobación d@ alumn@ obxecto de discriminación. En calqueira caso a mellor forma de loitar contra este tipo de discriminacións é favorecer, no traballo diario na aula, o respecto ás persoas e o valor das diferenza, algo especialmente complicado nas idades da adolescencia en que domina o “*espíritu de tribu*” en todos os ámbitos: música, vestimenta, gustos, opinións..... e que, ademais, choca cun mundo globalizado e cada vez máis uniforme. De aí que, no futuro, a discriminación non será por culpa da orientación sexual (progresivamente e dun xeito moi rápido é algo que se está a admitir na sociedade), senón como consecuencia da “diferencia”, daquilo que se considera “raro”.
- En canto á discriminación de xénero, a nosa experiencia indícanos que plantexar actividades concretas e especificamente deseñadas en prol da igualdade, resulta mesmo contraproducente e, dende logo, sen apenas efecto sobre todo se é unha profesora a que as leva a cabo. Polo mesmo, a igualdade home-muller e o respecto entre ambos son elementos que temos en conta á hora de enfocar as diferentes unidades didácticas, atravesando os proxectos curriculares das diferentes materias. Iso non é óbice para que puntualmente colaborem nalgún Plan no que participe o centro, tal e como sucedeu co Proxecto “*Donasde sí*”.

18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO.

Ao longo do curso o profesorado deste Departamento leva a cabo distintas actividades complementarias e extraescolares co alumnado dos distintos cursos, variables en función das posibilidades e ofertas que se presenten:

- realización, de forma individual ou en grupo, de traballos (progresivamente de maior complexidade) sobre algún aspecto do currículo, utilizando diversas fontes (prensa, bibliografía, páxinas web...), seleccionando a información máis relevante, integrándoa nun esquema ou guión, e comunicando os resultados da “investigación” de forma intelixible oral ou escrita. Os temas poden ser de moi variado tipo: un pazo, un mosteiro galego, un personaxe histórico relevante, unha obra de arte, etc.
- Saídas ou visitas que a profesora considere de interese para mellorar as competencias do currículo. Estas saídas poden ser visitar o Castro de Elviña, o Museo Arqueolóxico, o Museo de Belas Artes, a casa-museo de Casares Quiroga, a cidade histórica, o barrio, o xardín do propio instituto... ou ben acudir a a algunha exposición ou conferencia que se realice na

cidade. O currículo das materias, nomeadamente da ESO, influirá na organización e deseño das saídas. Das visitas que se programaron o curso pasado só se puido realizar unha, porque coincidiu con diferentes etapas do confinamento. Por esta razón, e dadas as especiais características deste curso, coa situación sanitaria que acabamos de pasar, en precario e a de un futuro inmediato cheo de incertezas, decidimos non programar actividades e ir vendo como se presenta o curso e actuar en consecuencia.

- Participación naquelas actividades organizadas pola Biblioteca do centro (conferencias, exposicións...) que se realizan dentro do horario lectivo e colaboración con outros departamentos en actividades tanto complementarias como extraescolares, sempre que as condicións sanitarias o permitan, como xa parece na actualidade.

19. MECANISMO DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Como todos os anos, unha vez temos realizado a Avaliación Inicial nos distintos cursos, o Departamento toma medidas en función dos resultados obtidos, tanto no referente á propia programación didáctica como deseñando estratexias para mellorar os niveis competenciais. Máis este curso, tendo en conta como se desenvolveu o derradeiro trimestre do curso anterior. Como xase dixo máis arriba, as profesoras son coñecedoras do alumnado por ter continuidade con el e esuplirán deficiencias conceptuais e competenciais a medida que se vaia desenvolvendo o currículo. Ao finalizar cada trimestre, na última reunión do Departamento, é sempre un dos temas da orde do día para comprobar o grao de cumprimento dos currículos, os problemas plantexados, e os resultados académicos acadados na primeira avaliación.

A finais de curso recollerase na memoria do curso o nivel de cumprimento do programado e os resultados obtidos.

Neste curso académico ímonos centrar na análise das novidades metodolóxicas, introducidas xa no curso pasado por mor da crise sanitaria, o seu funcionamento, os seus resultados, como combinar os medios telemáticos co ensino presencial.

20. PAUTAS QUE DE XEITO XERAL ADOPTA O DEPARTAMENTO ANTE UNHA POSIBLE ENSINANZA SEMIPRESENCIAL OU NON PRESENCIAL

- Para os alumnos/as, que se teñan que confinar ou que vivan circunstancias xustificadas especiais que lles impidan acudir a clase, e no poidan realizar os exámes nas datas sinaladas, estes faránse, preferentemente, con posterioridade. Se o confinamento do alumnado se produce mentres seguen as clases presenciais ordinarias, poderanse facer exames online, preferentemente através da Aula Virtual e de programas de visualización en tempo real, coma CISCO WEBEX.
- Cando algún alumno/a, teñase que confinar ou non teña posibilidade xustificada de acudir a clase, seguirá a través da aula virtual a materia e exercicios correspondentes.
- Se as autoridades sanitarias decretasen o confinamento, ou houbera outras circunstancias xustificadas persoais do alumnado, e non fose posible **impartir as clases** de modo presencial, estas impartiríanse a través de CISCO WEBEX, Aula Virtual e tamén co apoio do correo electrónico.
- Se as autoridades sanitarias indicasen o confinamento, ou outras necesidades do alumnado, fose posible realizar **os exames** de xeito presencial ou non presencial, o Departamento de Xeografía e Historia acomodaría o sistema de avaliación as instrucións que determinen as autoridades educativas ou ás circunstancias xustificadas persoais do alumnado que non poda acudir a clase.
- Se as autoridades sanitarias decretasen o confinamento, ou as circunstancias xustificadas do alumnado lle impedisen acudir a clase, o Departamento de Xeografía e Historia adaptaría os **instrumentos para obter a cualificación** en cada avaliación, seguindo instrucións que determinen as autoridades educativas, e tendo en conta o momento cronolóxico en que esto sucedese.

21. PLAN LECTOR

O Departamento de Xeografía e Historia fará lecturas dos libros de texto, e, ocasionalmente doutros textos, para reforzar e ampliar a materia, así coma para traballar os diferentes contidos da mesma. Dende o departamento se fomentará a lectura en todo caso e dende calquer aspecto a traballar. Tamén se participará en todos aqueles acontecementos do centro no que este aspecto sexa traballado.

22. PLAN TIC

O Departamento de Xeografía e Historia traballará coa Aula Virtual e co correo do centro, así coma con todos os materiais electrónicos e relacionados con internet, ademáis de todo tipo de programas e material TIC, que a Xunta de Galicia teña a disposición da Consellería de Educación para o profesorado e o alumnado. Tamén se farán buscas, traballos, e actividades na clase e na casa dos elementos traballados en todos os grupos ao longo do curso. Dirariamente se utilizarán na clase: proxector e ordenador, recursos electrónicos, videos e audios na

clase para o fomento doas TICs na docencia.

A Coruña, a 8 de setembro de 2022

ASDO.:

Dona Silvia Collazo García



Dona M^a José Blanco de la Fuente



Dona Adela C. Figueroa Paz



ANEXOS

**CURRICULUM LOMCE DA MATERIA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA DOS CURSOS
1ºESO E 3ºESO e, DA MATERIA DE HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO DE
1ºBACH (ACLARACIÓN PARA ALUMNADO PENDENTE)**

A)PROGRAMACIÓN “XEOGRAFÍA E HISTORIA”. PRIMEIRO CURSO ESO

OBXECTIVOS

Con respecto aos obxectivos xerais da Educación Secundaria, a materia de Xeografía e Historia do 1º curso do 1º ciclo debe contribuír a desenvolver no alumnado, dun modo específico e prioritario, as capacidades que lle permitan:

b. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal

e. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en sí mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega, textos emensaxes complexas.

En menor medida, en función dos contidos a tratar, tamén os seguintes:

a. Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades, entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

a.c. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que dupoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

a.d. Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

- l. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias edas outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.*
- n. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizandodiversos medios de expresión e representación.*
- ñ. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico deGaliza, participar na súa conversación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto caraao exercicio deste dereito.*

3.4.3. CONCRECIÓNS PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE. TEMPORALIZACIÓN. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

No Primeiro curso do Primeiro Ciclo da ESO abórdase o estudo dos medios naturais e das sociedades ata a Idade antiga. Os once temas deste primeiro curso divídense en dúas partes: os seis primeiros temas desenvolven o medio natural e a relación do home con aquel; os cinco seguintes expoñen a evolución da sociedade humana dende a prehistoria á idade antiga inclusive. Nos seguintes cadros concrétanse as relacións dos estándares de aprendizaxe cos outros elementos do currículo, así como a súa temporalización.

1oESO: Xeografía e Historia

Introdución

Trátase dunha materia troncal que sigue o currículo establecido pola LOMCE e o Decreto 86/2015. O coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo, é esencial para poder entender o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que se lles deu achéganos datos sobre o pasado e permítenos anticipar algúns dos problemas do futuro.

As disciplinas de Xeografía e Historia son dous importantes eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que abranguen a realidade humana e social desde unha perspectiva global e integradora, e ofrecen unha maior capacidade para a estruturación dos feitos sociais. Malia isto, a sociedade actual, cada vez máis complexa, require a intervención doutras disciplinas como a economía, a socioloxía, a ecoloxía ou a historia da arte, que achegan análises diferentes e complementarias, para a mellor comprensión da realidade social.

En ESO, a materia de Xeografía e Historia pretende afondar nos coñecementos adquiridos polo alumnado na educación primaria; favorecer a comprensión dos acontecementos, os procesos e os fenómenos sociais no contexto en que se producen, tendo sempre en consideración as escalas de estudo (o mundo, Europa, España e Galicia); analizar os procesos que dan lugar aos cambios históricos e seguir adquirindo as competencias necesarias para comprender a realidade do mundo en que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, a súa orientación no futuro, así como o espazo en que se desenvolve a vida en sociedade.

A achega da materia de Xeografía e Historia ao desenvolvemento das competencias chave é moi salientable. Deste xeito, poderíamos dicir que a través da materia se desenvolven competencias que na práctica funcionan como propias (as competencias sociais e cívicas, en relación con contidos propios tanto de Historia como de Xeografía, e a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, en Xeografía); a competencia de conciencia e expresións culturais teñen unha presenza destacada pola relación que o estudo das manifestacións artísticas e a evolución do pensamento e da cultura teñen na historia, e de maneira específica na historia da arte. A importancia que a materia ten para o desenvolvemento da competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor evidénciase na dimensión conceptual desa competencia posta en relación con coñecementos de xeografía e historia económicas, pero tamén na dimensión máis procedemental dela.

O desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística e dixital, e de aprender a aprender, impregnan todo o currículo de Xeografía e Historia, pois presentan unha dimensión instrumental que nos obriga a telas presentes ao longo dos catro cursos de ESO.

A Xeografía organízase, no primeiro ciclo, nos bloques titulados "O medio físico" e "O espazo humano", e en cuarto curso céntrase na globalización.

A Historia estuda as sociedades ao longo do tempo, seguindo un criterio cronolóxico ao longo dos dous ciclos de ESO.

Na secuencia dos tres primeiros cursos de ESO tivéronse en especial consideración dous factores: por unha banda procurouse unha repartición o máis equilibrada posible entre a Xeografía e a Historia nos tres cursos e, por outra, intentouse secuenciar do xeral ao particular, traballando nos primeiros cursos con contidos máis globalizados e incrementando o nivel de complexidade á medida que se avanza na etapa. Dese xeito, procúrase ir da identificación e da localización dos primeiros cursos en xeografía cara a realización de tarefas máis elaboradas no remate da etapa. A Historia recibe un tratamento semellante, pois os contidos cos que o alumnado traballará nos primeiros cursos presentan un enfoque máis xeral, que abrangue o devir humano ata o século XVIII e deixa o derradeiro curso da etapa para o estudo da historia contemporánea. En todo caso, a evolución histórica dos dereitos da muller ata a actualidade debe formar parte do desenvolvemento curricular a aplicar na aula.

Deberase ter en conta o traballo de todos os elementos transversais do currículo cando cumpra. Neste sentido, merecen unha mención especial a educación cívica, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, e o traballo con tecnoloxías da información e da comunicación. A materia de Xeografía e Historia é un vehículo adecuado para animar ao emprendemento. Ademais, o desenvolvemento sustentable e o medio, os riscos de explotación e o abuso e maltrato son ineludibles.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Xeografía e Historia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe

por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas. É moi importante ter presente o papel do/da docente como orientador/a, promotor/a e facilitador/a do desenvolvemento competencial do alumnado, e non esquecer a adecuada coordinación entre docentes.

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso				
Obx- ectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O medio físico				
b e f g	B1.1. A Terra: a Terra no Sistema Solar.	B1.1. Coñecer o Sistema Solar e establecer as relacións entre os movementos da terra e a existencia das estacións e do día e da noite, e comprender a súa importancia na distribución dos climas e da Biota.	XHB1.1.1. Interpreta como influéncios os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta.	CAA CMCCT CD
			XHB1.1.2. Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do planeta de similares horas.	CAA CMCCT CD
b e f g	B1.2. Representación da Terra. Escala e linguaxe cartográfica.	B1.2. Identificar e distinguir os sistemas de representación cartográfica, en soporte analóxico e dixital, e as súas escalas	XHB1.2.1. Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator con unha de Peters.	CAA CMCCT CD
b e f g	B1.3. Proxeccións e sistemas de coordenadas. Imaxes de satélite e os seus principais usos.	B1.3. Analizar e identificar o mapa, e coñecer as imaxes de satélite e os seus usos principais.	XHB1.3.1. Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas.	CAA CMCCT CD
b e f g	B1.4. Localización. Latitude e lonxitude.	B1.4. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	XHB1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características.	CAA CMCCT CD
			XHB1.4.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de	CAA CMCCT CD

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			coordenadas xeográficas.	
b e f g h	B1.5. Trazos principais do relevo do mundo. Clima: elementos e factores. Diversidade climática no planeta.	B1.5. Localizar no mapamundi físico as principais unidades do relevo mundiais, os grandes ríos e as grandes zonas climáticas, e identificar as súas características.	XHB1.5.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial.	CAA CMCCT CD
b e f g h	B1.6. Medio físico do mundo e de Europa: relevo e hidrografía.	B1.6. Ter unha visión global do medio físico europeo e mundial, e das súas características xerais.	XHB1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais. XHB1.6.2. Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes.	CAA CMCCT CD CCL CAA CMCCT CD CCL
b e f g h m	B1.7. Medio natural europeo: principais trazos.	B1.7. Ser capaz de describir as peculiaridades do medio físico europeo.	XHB1.7.1. Explica as características xerais do relevo europeo.	CAA CMCCT CD CCL CAA
b e f g	B1.8. Unidades do relevo do espazo xeográfico europeo.	B1.8. Situar no mapa de Europa as unidades e os elementos principais do relevo continental.	XHB1.8.1. Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo.	CAA CMCCT CD

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b e f h m	B1.9. Conxuntos bioclimáticos do espazo xeográfico europeo.	B1.9. Coñecer, comparar e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo.	XHB1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa.	CAA CMCCT CD CCL
			XHB1.9.2. Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente.	CAA CMCCT CD
b e f m	B1.10. Diversidade de espazos naturais europeos.	B1.10. Coñecer os principais espazos naturais do noso continente.	XHB1.10.1. Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais.	CAA CMCCT CD
b e f g h m	B1.11. Medio natural: áreas e problemas ambientais.	B1.11. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente e as súas consecuencias.	B1.11.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	CAA CMCCT CD CCL
Bloque 3. A Historia				
g l ñ	B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia.	B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou influéneles.	XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.	CSC CCEC
g l ñ	B3.2. Fontes históricas.	B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.	XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	CSC CAA
			XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos	CSC CAA

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			materiais ou textuais.	
			XHB3.2.3. Compara dous relatos a distintas escalas temporais sobre as conquistas de Alexandre.	CSC CAA
l ñ	B3.3. Cambio e continuidade.	B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	CSC CMCCT
f l ñ	B3.4. Tempo histórico.	B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	CSC CMCCT
h l ñ	B3.5. Vocabulario histórico e artístico.	B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	CSC CCL
f l	B3.6. Evolución das especies e a hominización.	B3.6. Entender o proceso de hominización.	XHB3.6.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.	CSC CMCCT
f l	B3.7. Periodización da Prehistoria e a Idade Antiga.	B3.7. Datar a Prehistoria e a Idade Antiga, e distinguir a escala temporal de etapas como estas.	XHB3.7.1. Distingue etapas dentro da historia antiga.	CSC CMCCT

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
f g l	B3.8. Prehistoria e Idade Antiga: visión global.	B3.8. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos históricos máis salientables da Prehistoria e da Idade Antiga, para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.	XHB3.8.1. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	CSC CMCCT CAA
c g h l n ñ	B3.9.1. Paleolítico: etapas; características das formas de vida; cazadores colectores. B3.9.2. Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social. B3.9.3. Prehistoria galega: megalitos e petróglifos.	B3.9. Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico.	XHB3.9.1. Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a historia e describe as características básicas da vida en cada un. XHB3.9.2. Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela.	CSC CCL CAA CSC CAA
l n	B3.10. Aparición dos ritos: restos materiais e artísticos; pintura e escultura.	B3.10. Identificar os primeiros ritos relixiosos.	XHB3.10.1. Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai".	CSC CCEC

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a c d g h l	B3.11. Idade Antiga: primeiras civilizacións urbanas. Mesopotamia e Exipto. Sociedade, economía e política.	B3.11. Coñecer algunhas características da vida humana neste período, así como o establecemento e a difusión de diferentes culturas urbanas, despois do neolítico.	XHB3.11.1. Describe formas de organización socioeconómica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto.	CSC CAA CCL
g h l	B3.12. Idade Antiga: invención da escritura.	B3.12. Recoñecer a importancia da descuberta da escritura.	XHB3.12.1. Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos).	CSC CAA
f g h l	B3.13. Idade Antiga: historia de Exipto.	B3.13. Explicar as etapas en que se divide a historia de Exipto.	XHB3.13.1. Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia.	CSC CMCCT CAA
			XHB3.13.2. Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto.	CSC CCL
g h l	B3.14. Idade Antiga: relixión exipcia.	B3.14. Identificar as principais características da relixión exipcia.	XHB3.14.1. Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén.	CSC CCEC CCL
			XHB3.14.2. Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio.	CSC CCEC CAA
g h l	B3.15. Idade Antiga: arte en Mesopotamia e Exipto.	B3.15. Localizar e describir algúns exemplos arquitectónicos de Exipto e de Mesopotamia.	XHB3.15.1. Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica.	CSC CCEC CAA
a c	B3.16. Mundo	B3.16. Coñecer os trazos principais	XHB3.16.1. Identifica	CSC CAA

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
d g h l	clásico. Grecia: as "polis" gregas e a súa expansión.	das polis gregas e a transcendencia do concepto de democracia.	fica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentes tipos	
			XHB3.16.2. Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais.	CSC CCL CAA
g l	B3.17. Mundo clásico. Grecia: expansión comercial e política das polis gregas.	B3.17. Entender a transcendencia do concepto de colonización.	XHB3.17.1. Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo.	CSC CAA
a c d g l	B3.18. Mundo clásico. Imperio de Alexandre Magno e os seus sucesores: helenismo.	B3.18. Distinguir entre o sistema político grego e o helenístico.	XHB3.18.1. Elabora un mapa do imperio de Alexandre.	CSC CAA
			XHB3.8.2. Contrasta as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre Magno.	CSC CAA
f g h l n	B3.19. Mundo clásico. Grecia e o helenismo: arte, ciencia, teatro e filosofía.	B3.19. Entender o alcance do clásico na arte e na cultura occidentais.	XHB3.19.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo.	CSC CCEC CCL
			XHB3.19.2. Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica.	CSC CCEC CMCCT CAA CCL

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a c d g l	B3.20. Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma. República e imperio: organización política e expansión colonial polo Mediterráneo. Cristianismo.	B3.20. Caracterizar os trazos principais da sociedade, a economía e a cultura romanas, e recoñecer os conceptos de cambio e continuidade na historia da Roma antiga.	XHB3.20.1. Confecciona un mapa coas etapas da expansión de Roma.	CSC CAA
			XHB3.20.2. Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga.	CSC CAA
g l n ñ	B3.21. Mundo clásico. Arte romana: arquitectura, escultura e pintura.	B3.21. Identificar e describir os trazos característicos de obras da arte grega e romana, diferenciando entre os que son específicos.	XHB3.21.1. Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana.	CSC CCEC CAA
g l n ñ	B3.22. Península Ibérica: pobos prerromanos; Hispania romana; Gallaecia. Proceso de romanización. A cidade e o campo.	B3.22. Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente.	XHB3.22.1. Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflecten os cambios administrativos en época romana.	CSC CAA
			XHB3.22.2. Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade.	CSC CCEC CAA
			XHB3.22.3. Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos.	CSC CCEC

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN.

1. Identificar e localizar os trazos físicos máis destacados (relevo, clima, vexetación)

- que configuran os grandes medios naturais do mundo, Europa, España e Galiza.
2. Analizar algúns exemplos representativos das paisaxes naturais e das transformadas pola actividade humana
 3. Identificar e localizar/situar nun mapa mudo os principais estados do mundo.
 4. Ordenar e representar graficamente algún aspecto significativo da vida humana ao longo de diferentes etapas históricas: sociedades prehistóricas, sociedades urbanas, sociedades clásicas.
 5. Diferenciar unha sociedade paleolítica e unha neolítica
 6. Localizar nun mapa a ubicación das civilizacións urbanas antigas.
 7. Ser quen de indicar algúns dos elementos básicos das sociedades antigas clásicas.
 8. Ser capaz de definir conceptos elementais.
 9. Identificar e ser capaz de indicar algunha característica da arte dos períodos prehistórico, antigo e clásico.

1. CONTIDOS SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN. MINIMOS

1º TRIMESTRE

Mapas físicos e políticos de Europa, España e Galicia.

Bloque 1. *O medio físico* (contidos entre)

A Terra: a Terra no Sistema Solar- Unidades do relevo do espazo xeográfico europeo.

2º TRIMESTRE

Mapas físicos e políticos de África e Asia.

Bloque 1. *O medio físico* (contidos entre)

Conxuntos bioclimáticos do espazo xeográfico europeo- Medio natural: áreas e problemas ambientais.

Bloque 3. *A Historia* (contidos só da Prehistoria, comprendidos entre)

Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia- Prehistoria galega: megalitos e petroglifos.

3º TRIMESTRE

Mapas Físicos e Políticos de América e Oceanía

Bloque 3. *A Historia* (Contidos da Idade Antiga ata Mundo Clásico: Grecia e Roma).

Idade Antiga: primeiras civilizacións urbanas. Mesopotamia e Exipto. Sociedade, economía e política.- Península Ibérica: pobos prerromanos; Hispania romana; Gallaecia. Proceso de romanización. A cidade e o campo.

1º TRIMESTRE

Mapas físicos e políticos de Europa, España e Galicia

Bloque 1. O medio físico

A Terra: a Terra no Sistema Solar.

- Definición de universo.
- Identificación da forma do noso planeta.
- Identificación e localización do Ecuador e dos hemisferios.
- Os movementos da Terra: duración e características.

Representación da Terra. Escala e linguaxe cartográfica.

- Os mapas: lectura. Tipos de mapas xeográficos.
- A escala e a proxección: que son, para que serven.

Proxeccións e sistemas de coordenadas.

Localización. Latitude e lonxitude

- Identificación e localización do Ecuador, meridiano de Greenwich e hemisferios.
- Definición, identificación e localización de paralelos e meridianos.
- Definición, comprensión e localización cartográfica da lonxitude e latitude.

Trazos principais do relevo do mundo.

- Localización cartográfica dos principais accidentes topográficos.
- Planisferios físicos (Europa. Galicia e España).

Medio físico de Europa, Galicia e España: relevo e hidrografía.

- Localización e enumeración e dos continentes, océanos, illas,....
- Traballo cos mapas físicos e políticos de Europa, España e Galicia.

2º TRIMESTRE (mínimos)

Mapa físico e político de África e Asia

Clima: elementos e factores. Diversidade climática no mundo.

- Definición de tempo, clima e atmosfera.
- Principais factores que explican as diferencias de temperatura da Terra.

Conxuntos bioclimáticos do espazo xeográfico europeo.

- Localización básica nun mapa dos diferentes tipos de clima europeos.
- Localización básica nun mapa dos diferentes tipos de clima da Península Ibérica e Galicia.

Medio natural: áreas e problemas ambientais.

2º TRIMESTRE (mínimos de Historia)

Bloque 3. A Historia (só Prehistoria)

- A Prehistoria no eixo cronolóxico: interpretación de eixos cronolóxicos sinxelos.
- Fontes históricas da Prehistoria.

- Cambio e continuidade na Prehistoria.
- Tempo histórico na Prehistoria.
- Vocabulario histórico e artístico da Prehistoria .

Prehistoria:

- Evolución das especies e a hominización: Definición e rasgos fundamentais do proceso de hominización.
- Paleolítico: etapas; características das formas de vida.
- Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social.
- Características básicas da Idade dos Metais
- Prehistoria galega: megalitos e petróglifos
- Restos materiais e artísticos: manifestacións de Galicia e P.I.

3º TRIMESTRE (mínimos)

Mapas Físicos e Políticos de América e Oceanía

Periodización da Idade Antiga: a Idade Antiga no eixo cronolóxico

Idade Antiga:

- Primeiras civilizacións urbanas. Mesopotamia e Exipto. Visión xeral.
- Invención da escritura: importancia
- Relixión exipcia.
- Arte en Mesopotamia e Exipto.

Mundo Grego:

- As polis gregas: Aportacións políticas: definicións de Polis e democracia.
- A Polis e a democracia ateniense: a figura de Pericles.
- Expansión comercial e política das polis gregas: Localización no mapa.
- Imperio de Alexandre Magno e os seus sucesores: helenismo: Localización no mapa do Imperio.
- Grecia e o helenismo: cultura.

Roma.

- Localización espazo-temporal do mundo romano ao longo da súa historia (monarquía, república e Imperio).
- Definición de Monarquía, república e Imperio.
- A romanización.
- A sociedade romana: patricios-plebeos, libres-escravos.
- A economía: comercio, agricultura,...
- As cidades.

- Cristianismo: Orixe, expansión e importancia.
- Crise do Imperio.
- Arte romana.

Roma na Península Ibérica:

- Pobos prerromanos: Localización espazo-temporal xeral.
- Hispania romana e Gallaecia: proceso de romanización: localización espazo-temporal e pegadas na actualidade.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos de avaliación utilizados serán:

- *A observación sistemática d@ alumn@.* Permítenos seguir o ritmo da clase en canto á adquisición dos contidos conceptuais e, sobre todo, avaliar aspectos como o interese pola materia, hábitos de traballo, esforzo, curiosidade, colaboración co grupo ou as actitudes sociais tan relevantes como a convivencia, a tolerancia, a solidariedade, respecto polas intervencións e opinións d@s compañeir@s e a participación crítica.

As probas, que teñen o mesmo carácter que as actividades de desenvolvemento das U.D. e polo tanto adoptarán formulacións semellantes, reflectirán unicamente os contidos traballados. Así que calquera das actividades que se presentan é susceptible de ser, ao mesmo tempo, actividades de aprendizaxe e de avaliación.

En calquera caso, as probas incluírán preguntas de distinto tipo (localización, ordenamento cronolóxico, definición de conceptos, desenvolvemento dun tema, preguntas breves que permitan comprobar o grado de comprensión acadado, relacións, análise e interpretación de datos, gráficos, esquemas ou imaxes, comentarios de texto, preguntas tipo test, diferenciación causas/consecuencias...) . Valoraranse os contidos, pero tamén o modo de expoñelos, o vocabulario utilizado, a capacidade de organización, a redacción e a corrección ortográfica.

- *Os traballos de clase e os traballos voluntarios.* Tanto de grupo como de tipo individual, permiten un seguimento do nivel de organización que van acadando @s alumn@s: busca de fontes, organización dun guión, planificación dos pasos a seguir, corrección do emprego de información gráfica ou estatística, etc. Alternaranse os traballos escritos coa exposición oral e uso de formatos

dixitais.

O caderno de clase. Proporcionáanos información acerca do cumprimento das tarefas e a súa corrección. Pero tamén acerca da súa organización e seguimento da materia e do acontecido na aula. Valorarase especialmente nos dous primeiros cursos da ESO.

Saídas escolares. Valorarase o seu aproveitamento e actitude nas mesmas.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE EN 1º ESO.

Os indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino aparecen nas táboas que aparecen a continuación. Divídense en **ESCASO, BÁSICO, SATISFACTORIO, MOI AVANZADO, e EXCELENTE**, e teñen en conta a avaliación dun exáme, a resolución de exercicios de clase e a realización de traballos escritos por parte do alumnado. Para avaliar a práctica docente teremos en conta a planificación, a motivación do alumnado, o desenvolvemento da materia, e o seguimento da avaliación.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO EN 1º ESO

AVALIACIÓN DUN EXAME EN 1º ESO

	EXCELENTE	MOI AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	ESCASO
Precisión nas respostas	Todas as respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión	Case todas as respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	A maioría das respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	Poucas respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	A maioría das respostas non desenvolve o tema con

					claridade, precisión e concisión
Presentación	Todas as respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	Case todas as respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	A maioría das respostas están presentadas con limpeza e pulcritude	Poucas respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	A maioría das respostas non están presentadas con
					limpeza e pulcritude.
Nº de preguntas respondidas	Todas as preguntas están respondidas.	Respondeu polo menos o 90% das preguntas.	Respondeu polo menos o 70% das preguntas.	Respondeu polo menos o 50% das preguntas.	Respondeu menos do 50% das preguntas.
Gramática e ortografía	Non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación e o texto lese con fluidez.	Case non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación e o texto lese con fluidez.	Hai dous erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto ten algunha dificultade para	Hai tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto enténdese con dificultade	Hai máis de tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación

			entenderse.		ón,e o texto non se entende.
--	--	--	-------------	--	---------------------------------------

RESOLUCIÓN INDIVIDUAL DE EJERCICIOS EN 1º ESO

	EXCELENTE	MOI AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSIC O	ESCAS O
Nº exercici os resultos	Realiza o 90 % dos exercicios que se propoñen.	Realiza entre o 90 e o 80% dos exercicios que se propoñen	Realiza entre o 80 e o 70% dos exercicios que se propoñen	Desenvolve o procedement o, detállao, non o organiza e obtén o resultado	Realiza menos do 60% dos exercic ios que se

				correcto.	propoñ en.
	EXCELENTE	MOI AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSIC O	ESCAS O
Procedem entoe resultado s	Desenvolv e o procedeme nto,	Desenvolve o procedemento, detállao,	Desenvolve o procedemento, detállao,	Desenvolve o procedemento e obtén	Non desenvo lve

dos exercici os resultos	detállao, preséntao organizadame nte eobtén o resultado correcto	preséntao pouco organizado e obtén o resultado correcto.	non o organiza e obtén o resultado correcto.	o resultado correcto.	o procede- mento e non obtén o resultad o correcto.
---	---	---	---	--------------------------	--

REDACCIÓN E PRESENTACIÓN DE TRABALLOS ESCRITOS EN 1º ESO

	EXCELE NTE	MOI AVANZADO	SATISFACTOR IO	BÁSI CO	ESCA SO
Redacción	O traballo está ben estruturado e cumpre na súa totalidade coa estrutura de in- trodución, de- senvolveme nto e conclusión	O traballo está ben estruturado nun 80% e cumpre na súa totalidade coa estrutura de intro- dución, desenvolvemento e conclusión	O traballo está ben estruturado nun 50% e cumpre na súa totalidade coa estrutura de intro- dución, desenvolvementoe conclusión.	O traballo está ben estruturado nun 50% pero non cum-pre coa estrutura deintrodución, desen- volvemento e con- clusión	O traballo non está es- tructurad o eten introdu- ción,dese n- volveme nto e conclusi ón
Ortografía	O texto non presenta erros ortográficos os (puntuaci	O texto ten menos de 3 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O texto ten entre 4 e 6 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gra- mática).	O texto ten entre 6 e10 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática)	O texto ten máis de 10 erros ortográficos.

	ón, acentuació				
--	-------------------	--	--	--	--

	n e gramática)				
Extensión	O exercicio escrito adáptase á extensión esixida (2, 3 ou 4 páxinas).	O exercicio escrito presenta media páxina máis da extensión esixida.	O exercicio escrito presenta unha páxina máis da extensión esixida.	O exercicio escrito presenta dúas páxinas máis da extensión esixida.	O exercicio escrito presenta máis de dúas páxinas da extensión esixida.
Contido	Trátase o contido que se pediu.	Nalgúns parágrafos non se trata nada do contido que se pediu.	Un 60% do texto non ten relación co contido que se pediu.	Algúns parágrafos fan alusión ao tema pedido.	Só se menciona o tema pedido, pero non se trata

Argumentación de ideas	Presenta ideas ben argumentadas e sen erros	Presenta ideas ben argumentadas pero con algún erro.	Presenta ideas que argumenta con debilidade.	Presenta ideas sen argumentar.	Non presenta ideas eas que presenta non están argumentadas .
	EXCELENTE	MOI AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	ESCASO

Presentación e limpeza	O traballo está presentado con pulcritude e limpeza	O traballo está presentado con pulcritude pero ten un risco	O traballo está presentado con pulcritude pero ten dous ou tres riscos	O traballo ten dobreces e máis detres riscos.	O traballo está presentado con un gran número de dobreces e riscos.
-------------------------------	---	---	--	---	---

Caderno do alumno/a. Os alumnos realizarán nel as actividades correspondentes ao traballo programado para cada un dos temas a desenvolver na aula e as tarefas encargadas para completar na casa. Tamén anotarán conclusións, resúmenes, esquemas e notas dos contidos impartidos polo profesor. Na ESO terán a mesma consideración as actividades realizadas no seu ordenador polos alumnos e enviadas ao profesorado para a súa corrección. Valorarase o caderno dacordo coa seguinte rúbrica (TENDO EN CONTA QUE O CADERNO É UN ELEMENTO MÁIS A TER EN CONSIDERACIÓN NO 20% DA NOTA QUE AVALÍA ELEMENTOS DIFERENTES AOS EXAMES):

Actividades do caderno	Ten feitos todos os exercicios con contidos de ampliación. (5 puntos)	Ten feitos todos os exercicios. (4 puntos)	Faltan exercicios. (2 puntos)	Non ten exercicios. (0 puntos)
Corrección de exercicios	Ten todos os exercicios corrixidos. (3 puntos)	Ten algún exercicio sen corrixir. (2 puntos)	Ten máis da metade dos exercicios sen corrixir. (1 punto)	Non ten ningún exercicio corrixido. (0 puntos)
Presentación	Excelente (2 puntos)	Boa (1,5 puntos)	Regular (1 punto)	Mala (0 puntos)

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE EN 1ºESO

PLANIFICACIÓN		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
A materia está programada tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
A materia está adaptada ao tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		

Os contidos están secuenciados tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.		
As actividades e estratexias están programadas en función dos estándares de aprendizaxe.		
As clases están planificadas de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.		
Os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación están establecidos de maneira que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.		
O profesorado está coordinado con outros		

departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.		
--	--	--

**MOTIVACIÓN DO
ALUMNADO**

Proporciónase un plan de traballo aoprincipio de cada unidade.		
Considéranse situacións que introduzan a unidade (lecturas,debates, diálogos...).		
As aprendizaxes relaciónanse con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.		
Infórmase sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.		
Relaciónanse os contidos e as actividades cos intereses do		
alumnado.		
Estimúlase a participación activa dosestudantes en clase.		
Promóvese a reflexión dos temas tratados.		
DESENVOLVEMENTO DO ENSINO		

Resúmense as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
Introdúcense conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
Hai predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
Optimízase o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
Utilízase axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.		

	DESENVOLVEMENTO DO ENSINO	
Promóvese o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		

Desenvólvense os contidos dunha forma ordenada e comprensible paraos alumnos e as alumnas.		
Formúlense actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
Formúlense actividades grupais e individuais.		
	SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO EN SINANZA- APRENDIZAXE	
Realízase a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		

Detéctanse os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
Revísase, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.		

Proporciónase a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		
Corríxese e explícase de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dánse pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
Utilízanse suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.		
Favorécense os procesos de autoavaliación e coavaliación.		

B) PROGRAMACIÓN “XEOGRAFÍA E HISTORIA”. TERCEIRO CURSO ESO

OBXECTIVOS

Con respecto aos obxectivos xerais da Educación Secundaria, a materia de Xeografía e Historia do 3º curso do 1º Ciclo debe contribuir a desenvolver no alumnado, dun modo específico e prioritario, as capacidades que lle permitan:

- b. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal*
- m. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos*

coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

- n. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.*
- g. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en sí mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.*
- h. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega, textos e mensaxes complexas.*

En menor medida, en función dos contidos a tratar, tamén os seguintes:

- a. Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades, entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.*
- c. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que dupoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.*
- d. Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.*
- l. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.*
- n. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.*
- ñ. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galiza, participar na súa conversación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.*

CONCRECIÓNS PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE. TEMPO- RALIZACIÓN. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN. PROCEDEMENTOS E INSTRU- MENTOS DE AVALIACIÓN.

3oESO: Xeografía e Historia

Introdución

Trátase dunha materia troncal dentro do currículo LOMCE e do Decreto 86/2015. O coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo, é esencial para poder entender o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que se lles deu achéganos datos sobre o pasado e permítenos anticipar algúns dos problemas do futuro.

As disciplinas de Xeografía e Historia son dous importantes eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que abranguen a realidade humana e social desde unha perspectiva global e integradora, e ofrecen unha maior capacidade para a estruturación dos feitos sociais. Malia isto, a sociedade actual, cada vez máis complexa, require a intervención doutras disciplinas como a economía, a socioloxía, a ecoloxía ou a historia da arte, que achegan análises diferentes e complementarias, para a mellor comprensión da realidade social.

En ESO, a materia de Xeografía e Historia pretende afondar nos coñecementos adquiridos polo alumnado na educación primaria; favorecer a comprensión dos acontecementos, os procesos e os fenómenos sociais no contexto en que se producen, tendo sempre en consideración as escalas de estudo (o mundo, Europa, España e Galicia); analizar os procesos que dan lugar aos cambios históricos e seguir adquirindo as competencias necesarias para comprender a realidade do mundo en que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, a súa orientación no futuro, así como o espazo en que se desenvolve a vida en sociedade.

A achega da materia de Xeografía e Historia ao desenvolvemento das competencias chave é moi salientable. Deste xeito, poderíamos dicir que a través da materia se desenvolven competencias que na práctica funcionan como propias (as competencias sociais e cívicas, en relación con contidos propios tanto de Historia como de Xeografía, e a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, en Xeografía); a competencia de conciencia e expresións culturais ten unha presenza destacada pola relación que o estudo das manifestacións artísticas e a evolución do pensamento e da cultura teñen na historia, e de maneira específica na historia da arte. A importancia que a materia ten para o desenvolvemento da competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor evidénciase na dimensión conceptual desa competencia posta en relación con coñecementos de xeografía e historia económicas, pero tamén na dimensión máis procedemental dela.

O desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística e dixital, e de aprender a aprender, impregnan todo o currículo de Xeografía e Historia, pois presentan unha dimensión instrumental que nos obriga a telas presentes ao longo dos catro cursos de ESO.

A Xeografía organízase, no primeiro ciclo, nos bloques titulados "O medio físico" e "O espazo humano", e en cuarto curso céntrase na globalización.

A Historia estuda as sociedades ao longo do tempo, seguindo un criterio cronolóxico ao longo dos dous ciclos de ESO.

Na secuencia dos tres primeiros cursos de ESO tivéronse en especial consideración dous factores: por unha banda procurouse unha repartición o máis equilibrada posible entre a Xeografía e a Historia nos tres cursos e, por outra, intentouse secuenciar do xeral ao particular, traballando nos primeiros cursos con contidos máis globalizados e incrementando o nivel de complexidade á medida que se avanza na etapa. Dese xeito, procúrase ir da identificación e da localización dos primeiros cursos en xeografía cara a realización de tarefas máis elaboradas no remate da etapa. A Historia recibe un tratamento semellante, pois os contidos cos que o alumnado traballará nos primeiros cursos presentan un enfoque máis xeral, que abrangue o devir humano ata o século XVIII e deixa o derradeiro curso da etapa para o estudo da historia contemporánea. En todo caso, a evolución histórica dos dereitos da muller ata a actualidade debe formar parte do desenvolvemento curricular a aplicar na aula.

Deberase ter en conta o traballo de todos os elementos transversais do currículo cando cumpra. Neste sentido, merecen unha mención especial a educación cívica, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, e o traballo con tecnoloxías da información e da comunicación. A materia de Xeografía e Historia é un vehículo adecuado para animar ao emprendemento. Ademais, o desenvolvemento sustentable e o medio, os riscos de explotación e o abuso e maltrato son ineludibles.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Xeografía e Historia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas. É moi importante ter presente o papel do/da docente como orientador/a, promotor/a e facilitador/a do desenvolvemento competencial do alumnado, e non esquecer a adecuada coordinación entre docentes.

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso				
Obx- ectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O medio físico				
b e f g h	B1.1. Localización. Latitude e lonxitude	B1.1. Localizar e interpretar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe satélite	XHB1.1.1. Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite.	CAA CMCCT CCL CD
			XHB1.1.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas.	CAA CMCCT CD
			XHB1.1.3. Coñece e interpreta os tipos mapas temáticos	CAA CMCCT CCL CD
Bloque 2. O espazo humano				
a b e f g l h	B2.1. Organización política e territorial de España.	B2.1. Coñecer a organización administrativa e territorial de España.	XHB2.1.1. Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas.	CCL CMCCT CD CAA CSC

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso				
Obx- ectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b e c f g h	B2.2. Sectores de actividade económica.	B2.2. Analizar os datos do peso do sector terciario dun país fronte aos do sector primario e secundario, e extraer conclusións.	XHB2.2.1. Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos.	CCL CMCCT CD CAA CSC
b c e f g h	B2.3. Sectores económicos en Europa, en España e en Galicia.	B2.3. Recoñecer as actividades económicas que se realizan en Europa nos tres sectores, identificando distintas políticas económicas.	XHB2.3.1. Diferencia os sectores económicos europeos.	CCL CMCCT CAA CSC
b e f g h	B2.4. Sistemas económicos do mundo.	B2.4. Coñecer as características de diversos tipos de sistemas económicos	XHB2.4.1. Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico.	CCL CSIEE CCL CAA CSC
b c e f g h l m ñ	B2.5. Aproveitamento e futuro dos recursos naturais. Desenvolvemento sustentable.	B2.5. Entender a idea de desenvolvemento sustentable e as súas implicacións.	XHB2.5.1. Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el.	CCL CMCCT CD CAA CSC
b e f g h	B2.6. Recursos naturais e actividades agrarias.	B2.6. Localizar os recursos agrarios e naturais no mapa mundial.	XHB2.6.1. Sitúa no mapa as principais zonas cerealistas, como exemplo de recurso agrario no mundo, e as máis importantes masas forestais do mundo.	CAA CD CMCCT
			XHB2.6.2. Localiza e identifica nun mapa as principais	CAA CSIEE

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso				
Obx-ectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			zonas produtoras de minerais no mundo.	CD CMCCT
			XHB2.6.3. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras e consumidoras de enerxía no mundo.	CD CAA CSIEE CMCCT
			XHB2.6.4. Identifica e nomea algunhas enerxías alternativas.	CCL CAA CSIEE CMCCT
b c e f g h m	B2.7. Pesca: tipos e problemática.	B2.7. Explica e localiza os tipos de pesca e os seus problemas.	XHB2.7.1. Procura información sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca, usando recursos impresos e dixitais.	CCL CMCCT CD CAA CSC CSIEE
b e f g h	B2.8. Sector industrial. Rexións industrializadas do mundo.	B2.8. Explicar a distribución desigual das rexións industrializadas no mundo.	XHB2.8.1. Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados.	CCL CAA CSIEE
b e f g h	B2.9. Actividades terciarias: transporte.	B2.9. Analizar o impacto dos medios de transporte no seu contorno.	XHB2.9.1. Traza sobre un mapamundi o itinerario que segue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa colleita ata o seu consumo en zonas afastadas, e extrae conclusións.	CD CAA CSC CSIEE

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso				
Obx- ectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b e f g h	B2.10. Actividades terciarias: comercio.	B2.10. Entender os fluxos e os bloques comerciais.	XHB2.10.1. Define os indicadores que miden os intercambios económicos dun país.	CAA CD CCL CMCCT CSIEE
			XHB2.10.2. Describe as características do comercio internacional na actualidade.	CAA CCL CSC CSIEE
			XHB2.10.3. Enumera as características dos bloques comerciais e as razóns polas que se constitúen.	CAA CCL CSC CSIEE
b e f g h	B2.11. Turismo.	B2.11. Analizar o desenvolvemento do turismo e a súa importancia económica.	XHB2.11.1. Identifica os tipos de turismo e os seus efectos	CAA CCL CCEC CSIEE CD
			XHB2.11.2. Valora a importancia do turismo na economía española e galega.	CAA CCL CCEC CSIEE CD
b c e f g h m	B2.12. Causas do desenvolvemento desigual no mundo. Débeda externa.	B2.12. Analizar gráficos de barras por países e textos onde se reflectan os niveis de consumo, o comercio desigual e a débeda externa entre países en desenvolvemento e os desenvolvidos.	XHB2.12.1. Comparar as características do consumo interior de países como Brasil e Francia.	CAA CCL CSC CSIEE CD
			XHB2.12.2. Crea mapas conceptuais, usando recursos impresos e dixitais, para explicar o funcionamento do comercio, e sinala	CAA CCL CSIEE CD

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso				
Obx- ectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			os organismos que agrupan as zonas comerciais.	
			XHB2.12.3. Describe o funcionamento dos intercambios a nivel internacional, utilizando mapas temáticos e gráficos nos que se reflectan as liñas de intercambio.	CAA CMCCT CSIEE CD CCL
b c d e f g h	B2.13. Tensións mundiais e subdesenvolvemento. Solucións ao problema.	B2.13. Relacionar áreas de conflito bélico no mundo con factores económicos.	XHB2.13.1. Realiza un informe sobre as medidas para tratar de superar as situacións de pobreza.	CAA CSC CSIEE CCL
			XHB2.13.2. Sinala áreas de conflito bélico no mapamundi e relaciónaas con factores económicos.	CCL CAA CSC CSIEE
Bloque 3. A historia				
f l ñ	B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia	B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.	XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado	CSC CAA CCEC
h l ñ	B3.2. Fontes históricas.	B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.	XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	CSC CAA
			XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos	CSC CAA

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			materiais ou textuais.	
l ñ	B3.3. Cambio e continuidade.	B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	CSC CMCCT
			XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	CSC CMCCT
f l ñ	B3.4. Tempo histórico.	B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía)	XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	CSC CMCCT
h l ñ	B3.5. Vocabulario histórico e artístico.	B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	CSC CCL
g l	B3.6. Idade Moderna: concepto e datación.	B3.6. Comprender a significación histórica da etapa do Renacemento en Europa.	XHB3.6.1. Distingue modos de periodización histórica (Idade Moderna, Renacemento, Barroco, Absolutismo, etc.).	CSC CAA
f g h l n	B3.7. Renacemento e Humanismo: alcance posterior.	B3.7. Relacionar o alcance da nova ollada dos humanistas, artistas e científicos do Renacemento con etapas anteriores e posteriores.	XHB3.7.1. Identifica trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de fontes históricas de diversos tipos.	CSC CEEC CAA CCL

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
l n ñ	B3.8. Arte renacentista e barroca.	B3.8. Coñecer a importancia da arte renacentista e barroca en Europa e en América.	XHB3.8.1. Coñece obras e legado de artistas, humanistas e científicos da época.	CSC CCEC CMCCT CCL
g l h n ñ	B3.9. Principais manifestacións da cultura dos séculos XVI e XVII.	B3.9. Coñecer a importancia dalgúns autores e obras destes séculos.	XHB3.9.1. Analiza obras, ou fragmentos delas, dalgúns autores desta época no seu contexto.	CSC CCEC CAA CCL
a c d g l	B3.10. Estado moderno: monarquías autoritarias, parlamentarias e absolutas.	B3.10. Comprender a diferenza entre os reinos medievais e as monarquías modernas.	XHB3.10.1. Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos.	CSC CAA
a c d g l	B3.11. Monarquías modernas: unión dinástica de Castela e Aragón. Posición de Galicia.	B3.11. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna.	XHB3.11.1. Comprende os conceptos de cambio e continuidade en relación co reinado dos Reis Católicos.	CSC CAA
f g h l m	B3.12. Descubertas xeográficas: Castela e Portugal. Conquista e colonización de América.	B3.12. Entender os procesos de conquista e colonización, e as súas consecuencias.	XHB3.12.1. Explica as causas que conduciron á descuberta de América para Europa, a súa conquista e a súa colonización.	CSC CMCCT CAA CCL
			XHB3.12.2. Coñece os principais feitos da expansión de Aragón e de Castela polo mundo.	CSC

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso				
Obx-ectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			XHB3.12.3. Sopesa interpretacións conflitivas sobre a conquista e a colonización de América.	CSC CAA CCL
g l	B3.13. Os conflitos europeos nos séculos XVI e XVII a través das políticas dos Austrias: reforma, contrarreforma e guerras de relixión; loita pola hegemonía e guerra dos Trinta Anos.	B3.13. Coñecer trazos das políticas internas e as relacións exteriores dos séculos XVI e XVII en Europa.	XHB3.13.1. Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos".	CSC CAA

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN

1. Ser quen de ordenar e representar graficamente en eixes cronolóxicos algúns feitos e/ou personaxes especialmente relevantes da historia moderna. Sincronía e Diacronía
2. Ser capaz de identificar e describir algúns aspectos significativos da realidade socioeconómica, política e ideolóxica das sociedades modernas.
3. Ser quen de establecer algunhas diferenzas e semellanzas entre aspectos especialmente relevantes (protestantismo / catolicismo; absolutismo / parlamentarismo...)
4. Ser capaz de distinguir entre causas e consecuencias, e indicar algunhas causas e consecuencias de feitos especialmente significativos (causas da decadencia hispana no XVII, consecuencias do descubrimento de América)
5. Ser capaz de transmitir algunha información sobre o papel de Galiza dentro da monarquía hispánica.
6. Ser quen de identificar e indicar algunha característica da arte dos períodos renacentista e barroco.

7. Ser quen de distinguir os grandes espazos xeopolíticos mundias. Especialmente no referente a Países desenvolvidos e Países menos desenvolvidos.
8. Coñecer, indicando algunha característica, os principais organismos de decisión económica mundial.
9. Diferenciar claramente unha Ditadura dun sistema político Democrático, e as súas consecuencias para o cidadáns..
10. Ser quen de enumerar as principais institucións da UE, describindo a grandes rasgos o seu funcionamento
11. Entender, nas súas liñas básicas, a estrutura autonómica do Estado Español.
12. Ser capaz de distinguir os distintos sectores produtivos, e de explicar os cambios evolutivos nos mesmos a través do tempo, e o por que da terciarización actual.
13. Diferenciar as paisaxes agrarias españolas e ser quen de indicar algunhas das súas características fundamentais.
14. Saber localizar nun mapa os grandes bancos pesqueiros mundiais e de valorar o papel da pesca sustentable
15. Coñecer os principais tipos de recursos naturais e a súa distribución no mundo, valorando a necesidade de explotalos racionalmente.
16. Ser quen de indicar algunhas características do funcionamento dunha multinacional.
17. Coñecer as diferenzas entre as comunidades autónomas españolas, aportando algúns elementos explicativos.
18. Utilizar con propiedade conceptos básicos, xeográficos e históricos, especialmente significativos e relevantes.
19. Interpretar correctamente e utilizar con propiedade elementos estatísticos básicos: taxas e índices
20. Entender e transmitir información básica aportada por mapas de diferente tipo (económico, político, histórico)
21. Ser capaz de extraer información de gráficas, diagramas táboas e cadros estatísticos sinxelos que recollan aspectos básicos do currículo
22. Elaborar esquemas e mapas conceptuais pouco complexos, organizando datos dados sobre diferentes aspectos do currículo.
23. Ser quen de buscar pequenas informacións sobre temas xeográficos e/ou históricos, e transmitilas oralmente ao grupo, mantendo unha corrección formal básica.
24. Traballar e debater en grupo, respectando as opinións diferente ás súas.
25. Entregar en prazo aqueles traballos e actividades esixidos ao longo do

curso. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS DE 3º ESO

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probass avaliación
	Tem a / U.D.	Bloq ue	Co nti do		Mes	Sesi óns	
1ª Avaliación		B1	BLOQUE 1: O MEDIO FÍSICO				
	1	B1.1	Localización: latitude e lonxitude		Sete m.		
		B2.1	Organización política e territorial de España.				
	2	B2.2	Sectores de actividade económica.		Out / No v		x
		B2.3	Sectores económicos en Europa, en España e en Galicia.				
		B2.4	Sistemas económicos do mundo.				
		B2.5	Aproveitamento e futuro dos recursos naturais. Desenvolvemento sustentable.				
	3	B2.6	Recursos naturais e actividades agrarias.		No v / De c		x
		B2.7	Pesca: tipos e problemática.				
		B2.8	Sector industrial. Rexións industrializadas do mundo.				
		B2.9	Actividades terciarias: transporte.				
		B2.10	Actividades terciarias: comercio				

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS	Referencia Libro texto / Unid. Did.	Temporalización	Probass avaliación
------------	---------------------	---	-----------------	-----------------------

	Tem a /	Bloq ue	Contido		Mes	Sesi óns	
2ªAvali ac	U.D.	B2	ESPAZO HUMANO				
	4	B2.1	Turismo				
		1.			Xan/		
		B2.1	Tensións mundiais e subdesenvolvemento. Solucións ao problema				x
	5	B3	BLOQUE 3. A HISTORIA		Feb		
		B3.1	Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia.				
		B3.2	Fontes históricas.				
		B3.3	Cambio e continuidade.				
	6	B3.4	Tempo histórico		Mar zo		x
		B3.5	Vocabulario histórico e artístico				

Avaliac ión	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referen cia Libro texto	Temporaliza ción		Prob as avaliac ión
	Tem a /	Bloq ue	Contido		Mes	Sesi óns	
3ªAvali	U.D.	B3	BLOQUE 3. A HISTORIA				
	7	B3.6	Idade Moderna: concepto e datación		Abri l		x
		B3.7	Renacemento e Humanismo: alcance posterior.				
		B3.8	Arte renacentista e barroca.				

ac	8	B3.9	Principais manifestacións da cultura dos séculos XVI e XVII.		Mai o		
		B3.10	Estado moderno: Monarquías autoritarias, parlamentarias e absolutas.				
	9	B3.11	Monarquías modernas: unión dinástica de Castela e Aragón. Posición de Galicia.		Xuñ o		x

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Os indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino aparecen nas táboas que aparecen a continuación. Divídense en **ESCASO, BÁSICO, SATISFACTORIO, MOI AVANZADO, e EXCELENTE**, e teñen en conta a avaliación dun exáme, a resolución de exercicios de clase e a realización de traballos escritos por parte do alumnado. Para avaliar a práctica docente teremos en conta a planificación, a motivación do alumnado, o desenvolvemento da materia, e o seguimento da avaliación.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO

AVALIACIÓN DUN EXAME EN 3º ESO

	EXCELENTE	MOI AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	ESCASO
Precisión nas respostas	Todas as respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión	Case todas as respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	A maioría das respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	Poucas respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	A maioría das respostas non desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión

Presentación	Todas as respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	Case todas as respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	A maioría das respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	Poucas respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	A maioría das respostas non están presentadas con limpeza e pulcritude.
Nº de preguntas respondidas	Todas as preguntas están respondidas.	Respondeu polo menos o 90% das preguntas.	Respondeu polo menos o 70% das preguntas.	Respondeu polo menos o 50% das preguntas.	Respondeu polo menos do 50% das preguntas.
					as.
Gramática e ortografía	Non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación e o texto lese con fluidez.	Case non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación e o texto lese con fluidez.	Hai dous erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto ten algunha dificultade para entenderse.	Hai tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto enténdese con dificultade.	Hai máis de tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto non se entende.
RESOLUCIÓN INDIVIDUAL DE EJERCICIOS EN 3º ESO					

	EXCELENTE	MOI AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	ESCASO
Nº exercicios resultos	Realiza o 90 % dos exercicios que se propoñen.	Realiza entre o 90 e o 80% dos exercicios que se propoñen	Realiza entre o 80 e o 70% dos exercicios que se propoñen	Desenvolve o procedemento, detállao, non o organiza e obtén o resultado correcto.	Realiza menos do 60% dos exercicios que se propoñen.
Procedementos dos exercicios resultos	Desenvolve o procedemento, detállao, preséntao organizada e obtén o resultado correcto	Desenvolve o procedemento, detállao, preséntao pouco organizado e obtén o resultado correcto.	Desenvolve o procedemento, detállao, non o organiza e obtén o resultado correcto.	Desenvolve o procedemento e obtén o resultado correcto.	Non desenvolve o procedemento e non obtén o resultado

REDACCIÓN E PRESENTACIÓN DE TRABALLOS ESCRITOS EN 3º ESO

	EXCELENTE	MOI AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	ESCASO
Redacción	O traballo está ben estruturado e cumpre na súa totalidade coa estruturade	O traballo está ben estruturado nun 80% e cumpre na súa totalidade coa estruturade introdución, desenvolvemento	O traballo está ben estruturado nun 50% e cumpre na súa totalidade coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión.	O traballo está ben estruturado nun 50% pero non cumpre coa estrutura de introdución,	O traballo non está estruturado e ten introdución, desenvolvemento

	introdución, desenvolvemento e conclusión.	e conclusión.		desenvolvemento e conclusión.	elemento e conclusión.
Ortografía	O texto presenta erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O texto ten menos de 3 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O texto ten entre 4 e 6 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O texto ten entre 6 e 10 erros ortográficos (puntuación, acentuación, e gramática).	O texto ten máis de 10 erros ortográficos.
Extensión	O exercicio escrito adáptase á extensión esixida (2, 3 ou 4 páxinas).	O exercicio escrito presenta media páxina máis da extensión esixida.	O exercicio escrito presenta unha páxina máis da extensión esixida.	O exercicio escrito presenta dúas páxinas máis da extensión esixida.	O exercicio escrito presenta máis de dúas páxinas da extensión esixida.
Contido	Trátase o contido que se pediu.	Nalgúns parágrafos non se trata nada do contido que se pediu.	Un 60% do texto non ten relación co contido que se pediu.	Algúns parágrafos fan alusión ao tema pedido.	Só se menciona o tema pedido, pero non

					se trata
Argumentación de ideas	Presenta ideas ben argumentadas sen erros	Presenta ideas ben argumentadas pero con algún erro.	Presenta ideas que argumenta con debilidade.	Presenta ideas sen argumentar .	Non presenta ideas e as que presenta non están argumentadas.
Presentación e limpeza	O traballo está presentado con pulcritude e limpeza	O traballo está presentado con pulcritude pero ten un risco.	O traballo está presentado con pulcritude pero ten dous ou tres riscos.	O traballo ten dobreces e máis de tres riscos.	O traballo está presentado con un gran número de dobreces e
					riscos.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE

	PLANIFICACIÓN	
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora

<p>A materia está programada tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.</p>		
<p>A materia está adaptada ao tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.</p>		
<p>Os contidos están secuenciados tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.</p>		
<p>As actividades e estratexias están programadas en función dos estándares de aprendizaxe.</p>		
<p>As clases están planificadas de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.</p>		

Os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación están establecidos demaneira que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.		
O profesorado está coordinado con outros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.		
	MOTIVACIÓN DO ALUMNADO	
Proporciónase un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
Considéranse situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
As aprendizaxes relaciónanse con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.		

<p>Infórmase sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.</p>		
<p>Relaciónanse os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.</p>		
<p>Estimúlase a participación activa dos estudantes en clase.</p>		
<p>Promóvese a reflexión dos temas tratados.</p>		
	DESENVOLVEMENTO DO ENSINO	
<p>Resúmense as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...</p>		
<p>Introdúcense conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...</p>		

Hai predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das		
clases.		
Optimízase o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
Utilízase axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.		
Promóvese o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
Desenvólvense os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.		
Formúlanse actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
Formúlanse actividades grupais e individuais.		

	SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO ENSINANZA- APRENDIZAXE	
Realízase a avaliación inicial aoprincipio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
Detéctanse os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
Revísase, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.		
Proporciónase a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		
Corríxese e explícase de formahabitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dánse pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		

Utilízanse suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.		
Favorécense os procesos de autoavaliación e coavaliación.		

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos de avaliación utilizados serán:

- A observación sistemática d@ alumn@.* Permítenos seguir o ritmo da clase en canto á adquisición dos contidos conceptuais e, sobre todo, avaliar aspectos como o interese pola materia, hábitos de traballo, esforzo, curiosidade, colaboración co grupo ou as actitudes sociais tan relevantes como a convivencia, a tolerancia, a solidariedade, respecto polas intervencións e opinións d@s compañeir@s e a participación crítica.
- As probas,* que teñen o mesmo carácter que as actividades de desenvolvemento das U.D. e polo tanto adoptarán formulacións semellantes, reflectirán unicamente os contidos traballados. Así que calquera das actividades que se presentan é susceptible de ser, ao mesmo tempo, actividades de aprendizaxe e de avaliación.

En calquera caso, as probas incluírán preguntas de distinto tipo (localización, ordenamento cronolóxico, definición de conceptos, desenvolvemento dun tema, preguntas breves que permitan comprobar o grado de comprensión acadado, relacións, análise e interpretación de datos, gráficos, esquemas ou imaxes, comentarios de texto, preguntas tipo test, diferenciación causas/consecuencias....) e constarán dunha parte teórica e outra práctica. Valoraranse os contidos, pero tamén o modo de expoñelos, o vocabulario utilizado, a capacidade de organización, a redacción e a corrección ortográfica.

- *Os traballos de clase e os traballos voluntarios.* Tanto de grupo como de tipo individual, permiten un seguimento do nivel de organización que van acadando @s alumn@s: busca de fontes, organización dun guión, planificación dos pasos a seguir, corrección do emprego de información gráfica ou estatística, etc. Alternaranse os traballos escritos con outros de exposición oral e en formatos dixitais.
- *O caderno de clase.* Proporcionanos información acerca do cumprimento das tarefas e a súa corrección. O seu uso como elemento de comprobación acerca da capacidade de organización e seguimento da materia e do acontecido na aula será xa claramente menor ao exercido nos dous primeiros cursos da ESO.
- *Saídas escolares.* Valorarase o seu aproveitamento e actitude nas mesmas.

C) PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA “*HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO*”. 1º BACHARELATO

OBXECTIVOS XERAIS DA “*Historia do Mundo Contemporáneo*”

Un dos obxectivos fundamentais da materia de Historia do Mundo Contemporáneo é o coñecemento e a comprensión dos feitos e procesos históricos desenvolvidos dende finais do século XVIII, coñecemento que se considera básico para entender o presente e a sociedade actual, xa que tanto un coma a outra forman parte dun proceso inacabado que se configura con elementos herdados do pasado.

No tratamento desta materia resulta de vital importancia o manexo de moi diferentes fontes de información, destacando as fontes primarias como fonte de coñecemento que o alumnado debe analizar e comentar para construír a súa propia visión dos feitos e procesos históricos. De gran interese son tamén as fontes documentais audiovisuais e cinematográficas para complementar a visión de períodos históricos ou feitos máis puntuais.

Con respecto aos obxectivos xerais do Bacharelato, a materia de Historia do Mundo Contemporáneo debe contribuir a desenvolver no alumnado, dun modo específico e prioritario, as capacidades que lle permitan:

- 4.2.1.a. *Exercer a cidadanía democrática, dende unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da constitución española e do Estatuto de autonomía de Galiza, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.*

4.2.1.b. *Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.*

4.2.1.c. *Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e avaliar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.*

4.2.1.d. *Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.*

4.2.1.e. *Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega g. Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.*

h. *Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora da súa contorna social.*

En menor medida, de forma menos intensa, tamén os seguintes:

- l. Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.*
- n. Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.*

CONCRECIÓNS PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE. TEMPORALIZACIÓN. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

1oBACH: Historia do Mundo Contemporáneo

Introdución

Trátase dunha materia troncal do currículo LOMCE e dentro do Decreto 86/2015. O estudo da materia de Historia do Mundo Contemporáneo é esencial para o coñecemento e a comprensión do mundo actual. Non menos importante é o seu carácter formativo, xa que desenvolve capacidades e técnicas intelectuais

propias do pensamento abstracto e formal, tales como a observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión e o sentido crítico. Por outra banda, a historia contribúe decisivamente á formación de cidadáns e cidadás responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras.

Historia do Mundo Contemporáneo pretende ofrecer unha visión de conxunto dos procesos históricos fundamentais do mundo pero prestando, cando é preciso, unha especial atención a España e a Galicia.

A cronoloxía debe ser o eixe do coñecemento histórico, porque non hai historia sen acontecementos, e no histórico está presente a idea de cambio, e precisamente para explicar tal cambio debemos recorrer á multiplicidade de sectores que compoñen a vida cotiá.

A partir dos contidos, dos criterios de avaliación e dos estándares de aprendizaxe avaliábeles preténdese o desenvolvemento persoal, intelectual e social do alumnado. Todas as actividades propostas queren favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e individualmente e para actuar con espírito crítico. O seu estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non discriminación e os valores democráticos.

Os contidos de Historia do Mundo Contemporáneo arrancan dun estudo do Antigo Réxime e a súa crise e, a partir da Revolución Industrial e as súas consecuencias, chegan ao século XX, facendo especial fincapé na Europa de entreguerras e na segunda Guerra Mundial, establecendo unha caracterización específica do mundo desde os anos cincuenta do século XX ata o mundo actual, definido polas áreas xeopolíticas e culturais, dentro da globalización, cos conflitos que o caracterizan, sen pasar por alto o final do bloque comunista e as novas relacións internacionais xurdidas despois dos atentados de Nova York ou o xurdimento do radicalismo islámico. Ao tratar de analizar tales feitos, a historia enriquecese coas achegas doutras disciplinas e mesmo coas conclusións da investigación xornalística dos acontecementos. Podemos incluír tamén a análise noutros idiomas, o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, a crítica dos medios de comunicación, a reflexión sobre a diversidade cultural, a historia oral ou a comparación con novelas históricas deses feitos históricos.

Débense desenvolver conceptos, pero tamén procedementos do traballo do/da historiador/a, cun vocabulario científico da disciplina que requirirá rigor e espírito de traballo, exposicións, correcta ortografía e expresión que lle permitan ao alumnado establecer os seus razoamentos e argumentacións.

A través do estudo de Historia do Mundo Contemporáneo, os/as estudantes deberán adquirir determinados valores e hábitos de comportamento, como a actitude crítica cara ás fontes, o recoñecemento da diversidade ou a valoración do patrimonio cultural e histórico recibido.

A materia é rica en achegas ao coñecemento competencial. As competencias clave sociais e cívicas, e as de conciencia e expresións culturais reciben un tratamento moi específico relacionado cos contidos que son propios de Historia do Mundo Contemporáneo. Ademais, as competencias lingüística, dixital e de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. O traballo competencial matemático e en ciencias e tecnoloxía trátase de xeito puntual. A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais e competenciais da materia.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Historia do Mundo contemporáneo permite desenvolver metodoloxías activas nas que, como xa se citou, o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación.

Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O Antigo Réxime				
a b c d e h	B1.1. Trazos do Antigo Réxime.	B1.1. Definir e esquematizar os trazos do Antigo Réxime, describindo os seus aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais, utilizando diferentes tipos de diagramas.	HMCB1.1.1. Extrae os trazos do Antigo Réxime dun texto proposto que os conteña.	CSC CAA CCL
			HMCB1.1.2. Obtén e selecciona información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa ao Antigo Réxime.	CSC CAA CCL CD
			HMCB1.1.3. Clasifica os trazos do Antigo Réxime en aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais.	CSC CAA CCL CCEC
			HMCB1.1.4. Elabora mapas conceptuais que explican os trazos característicos do Antigo Réxime.	CSC CAA CCL
a b c d e h	B1.2. Transformacións no Antigo Réxime: economía, poboación e sociedade.	B1.2. Distinguir as transformacións no Antigo Réxime enumerar as que afectan a economía, a poboación e a sociedade.	HMCB1.2.1. Explica as transformacións do Antigo Réxime que afectan a economía, a poboación e a sociedade.	CSC CAA CCL
			HMCB1.2.2. Analiza a evolución	CSC CAA CCL

Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			dos trazos do Antigo Réxime do século XVII e o século XVIII.	
a b c d e h	B1.3. Revolucións e parlamentarismo en Inglaterra.	B1.3. Explicar o parlamentarismo inglés do século XVII resumindo as características esenciais do sistema e valorando o papel das revolucións para alcanzar as transformacións necesarias para logralo.	HMCB1.3.1. Describe as características do parlamentarismo inglés a partir de fontes históricas.	CSC CCEC CCL
			HMCB1.3.2. Distingue as revolucións inglesas do século XVII como formas que promoven o cambio político do Antigo Réxime.	CSC CCEC CCL
a b c d e h	B1.4. O pensamento da Ilustración.	B1.4. Relacionar as ideas da Ilustración co Liberalismo de comezo do século XIX, establecendo elementos de coincidencia entre ambas as ideoloxías.	HMCB1.4.1. Enumera e describe as ideas da Ilustración e as do Liberalismo de comezos do século XIX.	CSC CCEC CCL
			HMCB1.4.2. Establece as semellanzas e AS diferenzas entre as ideas da Ilustración e o Liberalismo de comezos do século XIX.	CSC CCEC CCL
a b c d e g h	B1.5. Relacións internacionais: equilibrio europeo.	B1.5. Describir as relacións internacionais do Antigo Réxime demostrando a idea de equilibrio europeo.	HMCB1.5.1. Sitúa en mapas de Europa os países ou reinos en función dos conflitos en que interveñen.	CSC CAA CD

Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a b c d e h m n	B1.6. Manifestacións artísticas do momento.	B1.6. Diferenciar manifestacións artísticas do Antigo Réxime e seleccionar as obras máis destacadas.	HMCB1.6.1. Distingue e caracteriza obras de arte do Rococó.	CSC CCEC CCL CAA
Bloque 2. As revolucións industriais e as súas consecuencias sociais				
